Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 21/02/2019 18:59:33



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Raúl Fernández Fernández, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

En 1999 detectouse por primeira vez a presenza da couza guatemalteca (*Tecia solanivora*) nas illas Canarias, en 2015 detectase a súa presenza en tres concellos de Ferrolterra, en 2017 pasaron a ser 31 na comarca de Ferrolterra e 17 na Mariña lucense, por último no mes de marzo do ano 2018 declarábase o concello de Muxía zona infestada.

Ao longo do ano 2017 e principios de 2018 publicáronse no DOG varias resolucións polas que se establecían as zonas infestadas e as zonas tampón e se implementaban as medidas para a erradicación e control da couza guatemalteca da pataca, así como ordes nas que se establecían as bases reguladoras para a concesión de indemnizacións en materia de sanidade vexetal.

Na Resolución do 8 de marzo de 2017, da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, pola que se establecen as zonas infestadas e as zonas tampón e se implementan as medidas para a erradicación e control con respecto ao organismo de corentena *Tecia solanivora* Povolny ou couza guatemalteca da pataca na Comunidade Autónoma de Galicia, establecidas no Real decreto 197/2017 polo que se establece o Programa nacional de control e erradicación de *Tecia (Scrobipalopsis) solanivora* Povolny.

Esta resolución no seu punto 2 apartado a) prohibe o cultivo de patacas desde o día 5 de marzo de 2017 en todos os concellos establecidos como zona infestada, durante un período mínimo de dous anos e ata que se declare oficialmente a erradicación da praga.

Por iso os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta:

Fixo ou está a facer o Goberno Galego algún tipo de asesoramento na desinfección de almacéns en zonas nas que seguen a aparecer capturas coa aplicación de produtos fitosanitarios, cales son os prazos de aplicación destes produtos, especificados por concello, provincia e data?





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2019 11:44:02
Nº Rexistro: 46691
Data envío: 22/02/2019 11:44:02.812

Pazo do Parlamento, 22 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 22/02/2019 11:38:52

Raúl Fernández Fernández na data 22/02/2019 11:38:58

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, relativa á necesidade de escoitar as demandas das nais e pais de Allariz e aumentar unha aula de cuarto de infantil no CEIP Pai Feixóo.

A comezo do curso 2018/2019 nais, pais, representantes institucionais e veciñanza en xeral do Concello de Allariz viñan denunciando a masificación das súas aulas e desenvolveron nos meses de verán diferentes accións reivindicativas, como desenvolver unha clase na Alameda do Arnado ou unha batucada polas rúas do casco vello emulando a popular festa do Boi. Tamén se dirixiron á delegación ourensá da Xunta de Galiza e á Valedora do Pobo.

Estas nais e pais entendían que a Xunta de Galiza está a vulnerar o dereito a un ensino de calidade e sen masificacións única e exclusivamente polo criterio de recorte económico. Cómpre recordar que neste ano no CEIP Pai Feixóo había 51 crianzas matriculadas para tan só dúas aulas de 4 de infantil, incumprindo polo tanto a ratio de 25 nenos por aula.

Este desatendemento por parte da Xunta de Galiza contrasta con que neste mesmo verán o goberno galego decretara a Orde publicada no DOG o pasado luns, 12 de agosto, pola que aproba a creación de 31 unidades máis na escola privado-





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

concertada para o curso 2018/2019, 16 máis que as creadas o pasado ano, ao que hai que sumar que os concertos estarán blindados até 2022/2023 nunha clara aposta por privatizar o ensino público galego.

Porén, malia que o diñeiro público debe ser destinado a mellorar as condicións da escola pública, que é un dereito universal, o goberno do Partido Popular desentendeuse das demandas alaricanas e votou en contra das propostas construtivas levadas ao Parlamento Galego.

Próximo a rematar o curso é preciso comprometerse cunha rectificación.

Por todos estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

-Cales son as razóns da Xunta de Galiza para non atender as demandas da comunidade educativa do CEIP Pai Feixoo?

-Cales son as razóns da Xunta de Galiza para ter incumprido a ratio de alumnado de infantil no CEIP Pai Feixoo no lugar de incrementar unha aula para o curso 2018-2019?

-Tense reunido o goberno galego co colectivo demandante para saber das súas demandas para 2019/2020? En que datas e en que termos? Con que conclusións?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Considera a Xunta de Galiza que a masificación de alumnos e alumnas nas aulas de infantil favorece o seu desenvolvemento cognitivo e os procesos de aprendizaxe?

-Considera o goberno galego que a súa política educativa contribúe a asentar poboación no rural?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 22/02/2019 12:27:55

María Montserrat Prado Cores na data 22/02/2019 12:28:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 22/02/2019 12:28:01

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/02/2019 12:28:03

Olalla Rodil Fernández na data 22/02/2019 12:28:04

Xosé Luis Bará Torres na data 22/02/2019 12:28:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa ao anuncio da presentación de concurso de acredores e posíbel peche da planta de Poligal en Narón.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego vén de coñecer o anuncio da presentación de concurso de acredores e posíbel peche da planta de Poligal en Narón, situada no Polígono das Gándaras. Esta é unha moi mala nova para unha comarca castigada polo impacto continuos peches e ERES e pola perda de músculo industrial que ten impulsado o modelo económico do Partido Popular conducindo Galiza a un deserto industrial.

Cómpre recordar que Poligal é un dos principais fabricantes europeos de film de polipropileno biorientado (BOPP) e polipropileno cast (CPP). É polo tanto unha empresa estratéxica do punto de vista da fabricación de envases, laminación, etiquetas e unha ampla variedade de aplicacións industriais que pode desenvolver un papel estratéxico e de valor engadido. Esta empresa ten unha fábrica en Narón ademais de en Arcos (Portugal) e Skarbimierz (Polonia). Esta última posta en funcionamento aínda no ano 2018.

Recentemente celebráronse as eleccións sindicais nesta fábrica e o día 22 de febreiro, ao irse celebrar a primeira reunión coa empresa, foron informados de que por





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mor dunhas presuntas débedas, a empresa entraría en concurso de acredores na procura dun administrador. Así mesmo, informóuselles de que esta situación sería exclusiva para Narón.

Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego consideramos que a Xunta de Galiza debe comprometerse co cadro de persoal na procura dunha solución que permita o mantemento da actividade produtiva e dos postos de traballo.

Así mesmo, cómpre recordar que en Galiza, dende o 2009, ano no que comeza a gobernar Feijóo, a ocupación na industria galega reduciuse en 13.700 persoas, representando unha cuarta parte da redución total da ocupación en Galiza. Así, a ocupación na industria reduciuse a un ritmo de case o dobre do que o fixo o total da poboación ocupada (un -7,47% fronte a un -4,74%). Diante desta situación, é necesario evitar a desertización industrial do noso país, xa que é insostíbel unha economía exclusivamente de servizos; detrás ten que haber necesariamente un sector industrial que aposte polo valor engadido e por crear empregos de calidade.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

-Que actuacións levou ou vai levar a cabo o goberno galego para favorecer o mantemento da actividade produtiva da empresa Poligal en Narón?

-Ten coñecemento o goberno galego de que esta empresa opera nun sector chave para a especialización produtiva de Galiza en sectores de valor engadido?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Tense reunido ou vaise reunir a Xunta de Galiza co comité de empresa para ter unha folla de ruta común e coordinada?

-Que actuacións vai impulsar o goberno galego para impedir esta deslocalización encuberta?

-Como avalía o goberno galego a situación do sector industrial en Narón e na comarca da Ferrolterra?

-Que actuacións ten levado a cabo para favorecer o seu fortalecemento? Con que resultados?

-Considera a Xunta de Galiza positiva a terciarización da economía das comarcas de Ferrolterra da Coruña e a súa contorna? E do conxunto do país?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 22/02/2019 12:58:27

María Montserrat Prado Cores na data 22/02/2019 12:58:31

Ana Pontón Mondelo na data 22/02/2019 12:58:33

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/02/2019 12:58:34

Olalla Rodil Fernández na data 22/02/2019 12:58:37

Xosé Luis Bará Torres na data 22/02/2019 12:58:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, relativa á situación actual do crédito en Galiza.

Galiza é a comunidade que peor relación presenta entre créditos e depósitos de todo o Estado, xa que de cada 100 euros en depósito, so 65 van destinados a crédito no país. Así, Galiza ten 22.129 millóns de euros en depósitos que non se destinan a créditos para os nosos sectores produtivos ou as economías domésticas galegas. As outras CCAA que teñen un maior volume de depósitos que de créditos son Castela e León, Extremadura, Euskadi, Castela A Mancha, Aragón e Navarra.

Galiza é, xunto con Extremadura, a comunidade onde o peso do crédito en función do seu peso poboacional sobre o conxunto do Estado é menor. De feito, o peso dos créditos en Galiza con respecto ao peso poboacional que ten Galiza no conxunto do Estado é máis da metade (0,59%).

En senso contrario, en Madrid, o peso do seu crédito no Estado duplica (2,12) ao peso da súa poboación. Así, tendo o 14,08% da poboación do Estado, posúe máis da cuarta parte do crédito do Estado, concretamente un 29,8%.

Porén, contrariamente ao que viña acontecendo vemos mudanzas por exemplo na evolución recente do crédito, onde malia a evolución negativa da última década, por





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

exemplo, no último ano a variación en Galiza foi a máis positiva de todo o Estado (un aumento do 2,39%), superior á media estatal (-3,65%) e ao resto de CC.AA.

Polo tanto, baixo o punto de vista do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista cómpre estudar e avaliar esta evolución e coñecer a análise do goberno sobre a situación actual do crédito en Galiza.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

-Que valoración realiza a Xunta de Galiza do actual volume e evolución recente dos depósitos e créditos en Galiza?

-A que cre a Xunta de Galiza que é debido que na evolución recente do crédito malia a evolución negativa da última década, por exemplo, no último ano a variación en Galiza foi a máis positiva de todo o Estado?

-A que cre a Xunta de Galiza que é debido a mala evolución da relación entre créditos e depósitos dende o 2009?

-Considera a Xunta de Galiza que a reestruturación bancaria e a perda de entidades financeiras propias influíu na evolución do crédito en Galiza?

-Que medidas vai a impulsar a Xunta de Galiza para que o aforro galego se traduza en crédito no noso país?

-Considera a Xunta de Galiza que os institutos de finanzas de territorios como Euskadi e Cataluña favorecen o seu desenvolvemento económico?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Ten realizado a Xunta de Galiza algún estudo sobre a transformación do Igape nun instituto de crédito? ten previsto realizalo?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 22/02/2019 13:11:49

María Montserrat Prado Cores na data 22/02/2019 13:11:54

Ana Pontón Mondelo na data 22/02/2019 13:11:55

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/02/2019 13:11:56





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 22/02/2019 13:11:58

Xosé Luis Bará Torres na data 22/02/2019 13:11:59



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta **oral na Comisión 5.^a**

A Atención Primaria está orientada á promoción da saúde e a prevención da enfermidade, o que supón un eixo fundamental no sistema sanitario que funciona como o elemento coordinador e como porta de entrada do sistema. A Lei Xeral de Sanidade, asigna a AP unha función de xestión e coordinación dos procesos asistenciais así como a atención dos pacientes no sistema, orientada a prestar unha atención integral e facilitar a accesibilidade dos servizos.

Con todo, coas políticas levadas a cabo nestes últimos anos, a AP na sanidade pública de Galicia está a sufrir un dos deterioros máis agudos do Servizo Galego de Saúde que se traduce principalmente na necesidade de medios materiais e humanos que poidan facer fronte a unha demanda asistencial de calidade sen sobrecargas de traballo, listas de espera ou falta de especialistas. Devolvendo a capacidade de xestión na Atención Primaria a través de figuras como a de xerente de Atención Primaria que foi eliminada polo Goberno do Partido Popular e que recortou a autonomía na Atención Primaria facendo depender a esta da Atención Hospitalaria.

Parece que gracias ás constantes mobilizacións das traballadoras e traballadores do Servizo Galego de Saúde e á sociedade no seu conxunto, o Goberno comeza a elaborar accións encamiñadas a un novo Plan de saúde na Atención Primaria que aínda está en fase de borrador.





Si ben resulta positivo ver que o Goberno sae da fase negación na que estaba, o borrador presentado resulta algo ambiguo e pouco concreto especialmente en materia orzamentaria, unha cuestión fundamental para cubrir a falta de recursos.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral na Comisión 5.ª:

- Cal é a porcentaxe orzamentaria que manexa incrementar a Xunta de Galicia para levar a cabo as medidas a medio, curto e longo prazo que se expoñen no Plan?
- Considera o Goberno que o presunto incremento de prazas vai a paliar a situación da necesidade inmediata de persoal?
- Como pensa o Goberno solucionar o problema concreto da pediatría?
- Respecto as competencias de enfermería, pensa poñer máis medios para este colectivo dada a súa actual carga asistencial e a suposta asunción de novas competencias no borrador do Plan?
- Por que non contempla o Goberno a curto prazo poñer solución ás demandas dos profesionais dos Puntos de Atención Continuada?
- Por que non se recupera a figura da xerencia de Atención Primaria?
- Cales foron os criterios empregados para a creación dos grupos de traballo?
- Por que non se tivo en conta ás xefaturas de servizo de Vigo que presentaron a súa dimisión?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 22/02/2019 13:09:00



A Mesa do Parlamento

María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández, Miguel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A formación é un dos eixos fundamentais de acción para a Axencia Galega de Industria Forestal, tal e como o demostra a aprobación da Estratexia de Formación da Industria Forestal de Galicia 2018-2020 que permitirá impulsar a especialización de máis de 5000 profesionais.

A posta en marcha desta estratexia implica desenvolver unha serie de accións en diferentes eixos para paliar as eivas detectadas nos diferentes estudos realizados no sector, onde as empresas manifestan que lles resulta difícil acceder a recursos humanos cualificados e con competencias relacionadas coa incorporación das novas tecnoloxías e a promover os resortes de innovación e competitividade.

Esta dificultade afecta a toda a cadea de valor polo que é necesario implementar plans de formación axeitados á realidade do sector e ás súas demandas, cun enfoque práctico e flexible.

No nivel máis alto da escala formativa atopamos ás universidades de Galicia, concretamente a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo que desenvolven os graos de enxeñería forestal e o máster en enxeñaría da madeira estrutural no caso da USC promovido por PEMADE para favorecer un aproveitamento máis óptimo da madeira e dos recursos forestais á vez que se favorece o desenvolvemento e a fixación de poboación no medio rural .

Formación e investigación nos centros de investigación e universidades galegas son, polo tanto, un chanzo imprescindible nun sector clave en Galicia, que debe avanzar cara á industria 4.0 e a bioeconomía.

A competitividade das empresas do sector pasa por dar valor engadido á produción tradicional do sector forestal e para iso é necesario achegar novas solucións, novos procesos e novos produtos ao mercado, cuestións todas elas nas que o coñecemento e os profesionais que saen dos diferentes departamentos e centros das nosas universidades teñen moito que dicir.



Polo anteriormente exposto os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cales son as relacións de colaboración que se está a desenvolver entre a Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Industrias Forestais, e as Universidades Galegas para a potenciación do sector forestal cara unha mellora da profesionalización?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Maria Antón Vilasánchez na data 22/02/2019 13:27:36

Moisés Blanco Paradelo na data 22/02/2019 13:27:43

Moisés Rodríguez Pérez na data 22/02/2019 13:27:50

Marta Novoa Iglesias na data 22/02/2019 13:28:00

Cristina Isabel Romero Fernández na data 22/02/2019 13:28:10

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 22/02/2019 13:28:18

Sandra Vázquez Dominguez na data 22/02/2019 13:28:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 5 de setembro a veciñanza de Ourense vía con preocupación como aparecía o río Barbaña, ao seu paso pola praza de Abastos nº1, tinxido dun verde case fluorescente. Colectivos, policía local, etc. pensaron nun primeiro momento en que era unha vertedura. Desde o Bloque Nacionalista Galego temos denunciado reiteradamente a situación do río ourensán Barbaña. As agresións a este río teñen sido unha constante ao longo da historia recente e urxe unha corrección de actitude por parte das administracións implicadas na responsabilidade desta situación.

Finalmente, a Consellaría de Economía, Emprego e Industria informou de que se trataba dunha cata termal. Porén, segundo informa a Confederación Hidrográfica, non foi avisado este organismo. Parece ser que o concello tampouco e isto xerou unha alarma innecesaria debido á falta de dilixencia da Xunta de Galiza.

O 22 de febreiro, segundo informacións da prensa, a Xunta de Galiza estaría a traballar nun estudo que daría viabilidade a unha meirande explotación termal na zona e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

á construción dun balneario. Curiosamente, ao mesmo tempo indícase que o estudo non está rematado.

A sociedade ourensá xa viviu hai máis dunha década como a ineptitude do Partido Popular nas institucións secaba as Burgas e tivo que organizarse para contestar os seus intereses urbanísticos sen planificación.

Así mesmo, este Grupo Parlamentar continúa no momento de asinar esta iniciativa agardando pola resposta do goberno a unha batería de preguntas rexistrada en setembro de 2018 sobre as razóns das catas termais que se están a realizar no río Barbaña, en Ourense, a súa posible relación co mantemento e a explotación da fonte das Burgas, coas termas de uso público e coas fontes da praza de Abastos nº 1, así como os datos referidos ás realizadas nos últimos cinco anos, as actuacións previstas polo Goberno galego en relación co termalismo e a súa opinión respecto da situación dese río.

Polo tanto, é precisa unha meirande transparencia respecto destes pasos.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

-Cales son os obxectivos do goberno galego ao desenvolver catas termais no río Barbaña?

-Cales son resultados? Por que o goberno galego os difunde antes na prensa que de forma pública para garantir o dereito á información da sociedade ourensá e dos grupos parlamentares?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten relación co mantemento e explotación da fonte das Burgas?
- Coas termas de uso público situadas na rúa das Burgas?
- Coas fontes da praza de abastos nº1?
- Cantas ten feito e con que frecuencia nos últimos 5 anos?
- Con que resultados?
- Ten previsto a Xunta de Galiza algunha actuación relacionada co termalismo?
- Considera compatíbel a preocupante situación do río Barbaña?
- Desenvolve o goberno galego análises alén das referidas da Consellaría de Economía, Emprego e Industria?
- Informou a Xunta de Galiza destas actuacións á Confederación Hidrográfica Miño-Sil? Cales son os motivos?
- Informou a Xunta de Galiza destas actuacións ao Concello de Ourense? Cales son os motivos?
- Vai mellorar a Xunta os seus procedementos de información?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 22/02/2019 13:32:25

María Montserrat Prado Cores na data 22/02/2019 13:32:33

Ana Pontón Mondelo na data 22/02/2019 13:32:35

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/02/2019 13:32:37

Olalla Rodil Fernández na data 22/02/2019 13:32:38

Xosé Luis Bará Torres na data 22/02/2019 13:32:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa á situación da planta de Isowat na Coruña e ás actuacións que debe impulsar a Xunta de Galiza ao respecto.

Na actualidade hai 85 traballadores e traballadoras que dependen da continuidade da factoría Isowat. Cómpre recordar que a antiga Isolux Galicia, hoxe Isowat, situada no Polígono da Grela desde 1963, é unha planta altamente rendíbel, que recibiu diñeiro público en axudas, con carga de traballo para os vindeiros anos, pioneira tanto pola formación e experiencia do seu cadro de persoal como pola súas patentes grazas ás cales os seus produtos son solicitados internacionalmente.

A empresa atópase xa en fase de liquidación diante da falta de comprador ou compradora e malia os intentos que afirman impulsar goberno central e galego de momento non parece haber alternativa ao tempo que o cadro de persoal leva 8 meses sen cobrar. Alternativa que si atopou a sucursal en Medina del Campo.

A posíbel perda de Isowat chega nun momento onde o futuro industrial na cidade da Coruña e a súa comarca está nunha situación crítica e cómpre que desde as Administracións públicas, nomeadamente desde a Xunta de Galiza, se impulse unha estratexia de defensa conxunta e de intervención política para reconducir a situación e promover o mantemento dos postos de traballo e da estrutura produtiva. Máis aínda, ao





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

falarmos dunha empresa punteira canto valor engadido e que por falta de investimento está a perder pedidos de grandes compañías como Naturgy ou ACS e do sector eólico.

Diante desta situación, é necesario evitar a desertización industrial do noso país, xa que é insostíbel unha economía exclusivamente de servizos; detrás ten que haber necesariamente un sector industrial que aposte polo valor engadido e por crear empregos de calidade.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

Que actuacións levou ou vai levar a cabo o goberno galego para impedir a desaparición de Isowat da Coruña?

Que actuacións levou ou vai levar a cabo o goberno galego para favorecer o mantemento da actividade e postos de traballo da empresa Isowat da Coruña?

Que vai facer o goberno galego diante da falta de pagamentos ao cadro de persoal?

-Cal é a valoración do goberno galego a respecto do recurso ao IGAPE? Ten posto a disposición, no último ano, os servizos do IGAPE? Con que resultado?

-Como avalía o goberno galego a situación do sector industrial na cidade e na comarca da Coruña? Que actuacións ten levado a cabo para favorecer o seu fortalecemento? Con que resultados?

-Como avalía o goberno a perda de contratos por falta de inversor?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que posibilidades baralla neste momento o goberno galego para unha saída?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 22/02/2019 13:46:37

María Montserrat Prado Cores na data 22/02/2019 13:46:43

Ana Pontón Mondelo na data 22/02/2019 13:46:45

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/02/2019 13:46:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 22/02/2019 13:46:51

Xosé Luis Bará Torres na data 22/02/2019 13:46:53



Á MESA DO PARLAMENTO

Luis Villares Naveira e Carmen Santos Queiruga, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 1.^a**

O edificio do centro comarcal de Caldas de Reis, situado en A Tafona, fai cinco anos que debería de estar liberado por parte da Xunta, cumprindo deste xeito o acordo do Consello da Xunta de 2014. Esta medida foi tomada debido a que o uso que esta lle estaba dando non cumpría ca finalidade que debería. Neste centro encóntrase actualmente o servizo de matrona do Sergas, que non conta con espazo suficiente dentro do propio centro de saúde, e coa oficina de Extensión Agraria, sendo esta última a única que deberá trasladarse.

A pesar do acordo previo entre as dúas administracións, actualmente este centro segue a ser ocupado por parte da Xunta e, a pesar dos numerosos avisos realizados con anterioridade por parte do Concello para a súa liberación, parece que non hai vontade de abandono. Segundo se denuncia, este espazo encóntrase en estado pésimo e de abandono, polo que non se entende o rexeitamento da Xunta a cedelo para que se poida establecer alí, un espazo para unha oficina de turismo, un Fogar do Maior, aulas coas que poidan contar diversas asociacións ou habilitalo para o uso de Protección Civil.

Esta situación podería facer perder fondos para a súa rehabilitación.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en comisión:





- Ten previsto o Goberno efectuar o acordo para permitir o uso municipal do centro comarcal de Caldas de Reis ?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Carmen Santos Queiruga
Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 22/02/2019 13:51:13

Carmen Santos Queiruga na data 22/02/2019 13:51:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, relativa á agudización do declive demográfico das comarcas de Ourense e as propostas que debe levar a cabo o goberno galego.

Dentro da crise demográfica que vive Galiza, salienta negativamente o territorio que aglutina as comarcas de Ourense. Desta forma, Ourense ten unha media de idade da poboación que supera a media galega -que é a terceira máis avellentada do Estado- e tamén a media estatal situándose nos 50.97. De feito, alén de Ourense só Zamora supera o medio século de idade media dos seus habitantes, ata os 50,69 anos. Preto de Ourense atópase Lugo, onde a idade media da poboación chega aos 49,69 anos.

Esta realidade contrasta coa da franxa atlántica, atopándose a cifra máis baixa nos 46,71 anos de media na Coruña e dos 45,29 en Pontevedra. Por sexos, a idade media ten a súa cifra máis elevada nas mulleres: 51,04 anos en Ourense, 51,08 en Lugo, 48,24 na Coruña e 46,86 en Pontevedra. Respecto dos datos masculinos atopamos o seguinte: 48,73 anos en Ourense, 48,22 anos en Lugo, 45,04 na Coruña e, finalmente, os 43,6 de Pontevedra.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É preciso, polo tanto, avaliar o impacto do avellentamento e da perda constante de poboación na economía ourensá e galega e as medidas que debe impulsar o goberno galego para impulsar un cambio de tendencia.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

-Considera o goberno galego que ten acertado coa súa política económica ao non ser quen de frear a aceleración da crise demográfica das comarcas de Ourense?

-Está Galiza preparada para o avellentamento e o impacto que pode ter no devir da economía?

-Cales son as razóns de que o goberno da Xunta de Galiza non leve a cambio un cambio de políticas económicas para evitar a perda de poboación?

-Considera o goberno galego que ten suficientemente avaliado canto do envellecemento da poboación galega se debe á perda de poboación nova e en idade de se reproducir, nomeadamente durante os anos máis intensos da crise? Cales son as razóns da falta de aplicación de políticas ambiciosas para o seu retorno?

-Cales son as razóns de que o goberno do Partido Popular non leve a cambio un cambio de políticas económicas para evitar a perda de poboación?

-Cales son as razóns de que o goberno galego non aplique políticas compensatorias nesta materia para Lugo e Ourense?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Ten computado o goberno galego que supón en medidores económicos o devalo das comarcas de Ourense? Que vai facer ao respecto?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 22/02/2019 13:52:18

María Montserrat Prado Cores na data 22/02/2019 13:52:23

Ana Pontón Mondelo na data 22/02/2019 13:52:24

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/02/2019 13:52:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 22/02/2019 13:52:27

Xosé Luis Bará Torres na data 22/02/2019 13:52:28





Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araujo, Eva Solla Fernández e Carmen Santos Queiruga, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1.ª**.

Na introdución do documento da *Estratexia Nacional sobre Adiccións 2017-2024* (ENA) afirmase que dito informe “configurase como un documento participativo e de consenso, acordado entre tódalas Administracións Públicas, as organizacións non gobernamentais do sector, as sociedades científicas, os centros de investigación, e todas aquelas instancias públicas e privadas que forma parte do Plan Nacional sobre Drogas”. “O resultado é un documento de consenso entre numerosas partes interesadas que se ofrece como o marco de actuación para o desenvolvemento das políticas sobre adiccións que se levan a cabo nos ámbitos do conxunto do Estado español, das Administracións Autonómicas e das entidades locais, e que serve de referencia, así mesmo, para as actividades desenvolvidas polas entidades sociais”. Desta maneira, faise explícito que a ENA non atinxe unicamente ao Goberno central, senón que os gobernos autonómicos – e, entre eles, a Xunta de Galicia– teñen a obriga de asumila, executala e avaliala coa finalidade de alcanzar os seus obxectivos.

Porén, é patente que nin o Goberno do Estado nin a Xunta de Galicia se están tomando en serio os riscos que supón o xogo e non están adoptando as medidas oportunas para atallalos. Isto non está sucedendo, en gran medida, porque se confía no propio auto-control dos operadores de xogo. Non fai falla subliñar que, tendo en conta o lucrativa que é a industria do azar para as empresas do sector, a





confianza na súa medida é, no mellor dos casos, inxenua. No peor, é cómplice dunha mala praxe que condena á miseria a miles de familias.

O volume do negocio das apostas é de auténtica vertixe. Segundo un informe elaborado pola Universidade Carlos III de Madrid e Codere –unha empresa multinacional española do sector do xogo privado–, os españois xogaron 9.408 millóns de euros de xogo real (cantidade xogada menos os premios) en 2017, encadeando tres anos consecutivos de crecemento e medrando un 8% respecto ao 2015. En particular, o negocio das apostas deportivas –un dos que máis creceu dentro do sector nos últimos anos–, leva medrando a un ritmo regular do 20% anual dende o 2012, aínda que no ano 2016-2017 creceu “tan so” o 17,4%. As apostas deportivas pasaron, deste xeito, de mover 304,3 millóns de euros de xogo real en 2012 a 742 millóns de euros en 2017. A cifra multiplicouse por case 2,5 en seis anos. 305 millóns foron xogados en apostas online, 330 millóns en apostas presenciais, 100 millóns na Quiniela e o Quinigol de SELAE, e 7 millóns nas apostas dos hipódromos.

Ninguén pode pensar que unha industria en constante crecemento que move semellante cantidade de cartos vai auto-controlarse pola mera razón de que os gobernos apelen a súa boa vontade. Son precisas medidas concretas e contundentes que permitan prever e tratar a adicción ao xogo.

As políticas reguladoras do xogo terían que ter moi en conta á mocidade. Nun artigo sobre a frecuencia de xogo en menores de idade, Mariano Chóliz e Juan Lamas advirten de que o “feito de que os menores de idade poidan xogar sen dificultade a este tipo de xogos é especialmente preocupante no que atinxe á adicción, por varios motivos. En primeiro lugar porque máquinas tragaperras e xogo online son xogos potencialmente máis adictivos. (...). Por outro lado, a adolescencia é un período de especial vulnerabilidade para calquera tipo de





adicción, debido a que aínda non se completou o desenvolvemento neurolóxico dos centros cerebrais que rexen as funcións executivas (planificación, valoración de consecuencias dos actos, etc.), que son as que protexen de eventuais problemas adictivos. (...). En terceiro lugar, as novas modalidades de xogo presentan un especial atractivo para os adolescentes, xa que poden demostrar a súa pericia en acertar apostas sobre temas, como o deporte, sobre os que se creen entendidos, inducendo sesgos de pericia (“sesgo do experto”), que son singularmente perigosos para o fomento e o mantemento da adicción. (...). Finalmente, tanto a publicidade como as estratexias de marketing das empresas do sector puxeron o seu foco de atención nos mozos como un interesante nicho de mercado, feito que se pode constatar coa análise dos anuncios publicitarios e promocións de xogo, que están especialmente dirixidas a poboación xuvenil”.

Da mesma cuestión advírtese tamén na *Estratexia Nacional sobre Adiccións 2017-2024*: “A ampla oferta de (vídeo) xogos e a publicidade intensa nos medios e espazos deportivos e estratexias de marketing agresivas, principalmente dedicada aos máis mozos, das apostas deportivas e xogos online e de aposta, contribuíron a un aumento no número de persoas con problemas de adición ao xogo e a un cambio dos perfís dos xogadores, especialmente online (máis mozos, maior nivel de estudos e, sorprendentemente, maior número de mulleres mozas con problemas de xogo de aposta a través de internet)”.

Así, cómpre artellar unha estratexia política concreta para prever e tratar a adicción ao xogo na mocidade, algo que a Xunta de Galicia non está a facer, como demostra a actual dispoñibilidade e a accesibilidade dos xogos de azar.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:



- Que datos manexa a Xunta de Galicia acerca da adicción ao xogo na mocidade? Dispón de cifras concretas?
- Que está a facer o Goberno para prever e tratar a adicción a o xogo na mocidade? Que medidas levou a cabo? Cal é a xustificación técnica das mesmas?
- Pensa a Xunta de Galicia que a dispoñibilidade e accesibilidade dos xogos de azar supoñen un risco para a mocidade? Se é así, por que non fai nada ao respecto?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Eva Solla Fernández

Carmen Santos Queiruga

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 22/02/2019 14:18:00

Eva Solla Fernández na data 22/02/2019 14:18:17

Carmen Santos Queiruga na data 22/02/2019 14:18:23



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, María Luisa Pierres López e Raúl Fernández Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

O Polígono Industrial da Madanela no concello de Melide, presta servizo a toda a comarca, contando na actualidade só con tres parcelas para a venda dispoñibles, que representan un total 7.892 metros cadrados, sen que conste previsión algunha por parte das institucións públicas de aumentar a oferta de solo industrial en Melide.

Polos datos anteriormente expostos, é doado prever que no presente e no futuro inmediato haberá necesidade de máis solo industrial, sendo a construción da autoestrada A-54 unha oportunidade, facendo do concello de Melide un enclave estratéxico; enclave que require ser activos nas formulacións, co fin de evitar improvisacións e o bloqueo derivado de situacións da falta de solo industrial que coarten a posibilidade de desenvolvemento económico, polo que os trámites administrativos, que adoitan ser longos, deben ser iniciados á maior brevidade posible, constituíndo unha prioridade para o desenvolvemento económico do concello de Melide e a súa comarca.

A superficie do Polígono Industrial da Madanela está incluída na figura de protección ambiental Rede Natura 2000, o que implica limitacións para aumentar a reserva de solo industrial e a súa posible ampliación, aínda que cabe destacar que o polígono xa estaba en funcionamento cando se delimitou a dita area de protección.

A Lei do solo de Galicia permite que cando sexa preciso para o desenvolvemento económico dunha vila e dunha comarca, modificar a catalogación do solo afectado por Rede Natura 2000 e a propia Directiva de Hábitats, a Rede Natura 2000 non implica limitacións de uso nin de desenvolvemento económico e industrial, debendo terse en conta as esixencias económicas, culturais e sociais. Todo isto conxugado cun estado de conservación favorable da natureza.



Para a descatalogación parcial dun espazo incluído en Rede Natura 2000, a competencia recae na Xunta de Galicia e concretamente na Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Á vista destes datos, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Vai a Xunta de Galicia, a través das consellerías competentes, avaliar a descatalogación parcial dun espazo contiguo ou próximo o Polígono Industrial da Madanela, suficiente para ampliación do solo industrial?

2ª) Considera que no caso de non ser ampliable o Polígono da Madanela, procede o estudio doutra área do concello para asegurar a oferta de solo que permita reter a inversión industrial neste concello?

3ª) Entende a urxencia de dotar a este concello de máis superficie industrial ante a dispoñibilidade de tan só tres parcelas de tamaño limitado no actual polígono da Madanela?

4ª) Que accións inmediatas pensa levar a cabo, e en colaboración co Concello de Melide, para dar unha solución a esta demanda local de solo industrial?

Pazo do Parlamento, 25 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 25/02/2019 10:33:44

María Luisa Pierres López na data 25/02/2019 10:33:51

Raúl Fernández Fernández na data 25/02/2019 10:33:55



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e Luís Villares Naveira, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5.^a**.

O proceso de cambio demográfico é un fenómeno complexo e multifactorial.

Para atallar o “problema demográfico” galego –tendo moi en conta a complexidade de factores e condicionantes que motivan a realidade demográfica do País- a Xunta de Galicia debe mudar radicalmente o seu papel, pasando de ser un axente que contribúe a reforzar as dinámicas históricas que nos levan á caída poboacional e á desvertebración territorial a ser un elemento activo que poña todos os seus recursos e capacidades ao servizo dun modelo de País cun bo equilibrio territorial e con capacidade para xerar benestar para a maioría social. Aínda así, non é realista pensar que se poden reverter de xeito radical procesos históricos complexos, polo que o fundamental é adaptar ás necesidades sociais actuais as políticas públicas, garantindo servizos a toda a poboación.

A Xunta de Galiza impulsou, na X^a Lexislatura, o Observatorio Demográfico Galego de cara a propoñer medidas contra o devalo demográfico, tendo a Xunta manifestado que o obxectivo é propoñer unha Lei de Impulso Demográfico antes de finais do ano 2018, cuestión non cumprida.

Non se trata de perseguir a “recuperación demográfica” como fin en sí mesmo, senón de garantir o benestar para a poboación.





En 2018, segundo datos do IGE, a poboación galega situouse en 2.701.743 persoas, representando o 5,78% da poboación española, tendo 344.170 menos de 16 anos, 1.684.643 entre 16 e 64, e 672.930 máis de 64 anos, o 24,9% do total.

A moderna historia demográfica de Galicia vén determinada polo fenómeno da intensa emigración ao longo de varios períodos, que ten provocado unha perda de peso poboacional respecto ao resto do Estado, moi especialmente de poboación activa. Así, a poboación galega medrou un 37% entre 1900 e 2017, mentres que a española o fixo nun 150%. Así e todo, o devalo demográfico galego entra nunha fase aguda en 2010, punto no que o menor crecemento dá paso a un manifesto decrecemento. De feito, si contamos a partir dese punto de inflexión e ata 2017, mentres o conxunto da poboación española caeu un 0,9% a galega fíxoo nun 3,2% situándonos no grupo das comunidades con peor evolución demográfica do Estado.

A dinámica demográfica é o resultante do movemento natural da poboación e dos movementos migratorios. En canto ao primeiro, Galicia é a comunidade co peor saldo vexetativo do Estado, de modo que a diferenza entre nacementos e defuncións arroxou un saldo negativo de 12.692 efectivos en 2016; no primeiro semestre de 2018, o saldo vexetativo negativo foi de 9.135 persoas, á cabeza do Estado. Este resultado é a consecuencia dunha estrutura poboacional cun escaso peso dos grupos de idade potencialmente fértiles, fronte a un elevado peso dos grupos de persoas de idade máis avanzada.

O grupo de poboación con maior incidencia nas taxas de fertilidade, aquel comprendido entre os 25 e os 39 anos, foi medrando de modo progresivo ate acadar o seu máximo en 2008, con 642.690 persoas. A partir deste punto comeza un acentuado declive, consecuencia tanto da redución de efectivos a consecuencia da caída da natalidade en xeracións anteriores como, sobre todo, da emigración de persoas mozas a causa da ausencia de suficientes oportunidades en Galiza. O resultado é que a fertilidade galega se atopa, con 1,1 fillos por muller,



entre as máis baixas do planeta, estando a idade media de acceso á maternidade en 32,6 anos (2016).

O envellecemento demográfico é un fenómeno global e, particularmente, común a toda Europa, pero en Galicia preséntanse elementos que fan necesario o deseño de políticas estruturais que afronten o reto de vivir máis vivindo mellor e o reto da conciliación e os usos do tempo:

- Sobreenvellecemento, moi acusado en zonas de Montaña e do interior rural.

A taxa de envellecemento é a segunda máis elevada do Estado, cun índice de 192,5 en 2017 (é dicir, existen 192,5 persoas maiores de 65 anos por cada 100 menores de 15; unha proporción que se aproxima a 2 persoas adultas maiores por cada persoa moza).

- Gran diverxencia territorial costa-interior e mantemento dun modelo territorial e económico que non corrixe estas dinámicas.
- Feminización da vellez.
- Alta taxa de dependencia e discapacidade.

O cambio demográfico conleva outro tipo de transformacións, a nivel social, económico e de valores.

Entre os factores que condicionan unha menor natalidade, existen elementos que son indicativos de progreso social –maior lonxevidade en todas as capas sociais, universalización dos métodos anticonceptivos- e outros que teñen que ver con dificultades estruturais da economía galega, que impiden ás mulleres e familias ter a descendencia que desexan ter.

Por unha parte, existe unha prolongación da etapa autoconsiderada como “mocidade”, e un retraso na emancipación residencial, así como un adiamento da idade de fecundidade, condicionada polo elevado prezo dos alugueiros e a





precariedade do mercado laboral, que se agrava no caso das mulleres, que ocupan os empregos menos remunerados e de peor calidade (maior taxa de temporalidade e presenza maioritaria no sector servizos).

A falta dun sistema integral de atención a persoas menores e dependentes conleva unha enorme ocupación nestas tarefas por parte das persoas en idade produtiva e reprodutiva, sobre todo por parte das mulleres de mediana idade. A maioría das persoas coidadoras (72,7%) pertencen ao propio fogar.

A saída da crise a nivel macro non se traslada á economía da maioría social, de xeito que persiste unha alta porcentaxe de persoas en risco de pobreza, o que se agrava no caso das familias con menores a cargo, especialmente se son familias monomarentais.

A situación socioeconómica descrita é un factor de expulsión de poboación cara a emigración.

As proxeccións realizadas indican que a poboación galega (se nada cambia) pasará de 2.720.668 habitantes en 2016 a 2.489.947 en 2031, unha perda do 8,5% da poboación, 230.721 efectivos menos. E, se ben todas as provincias perderán poboación, a situación será particularmente grave en Lugo e Ourense, que perderán en torno ao 12% dos habitantes, producíndose un baleirado de extensas áreas.

O obxectivo principal do Plan para a Dinamización Demográfica de Galicia 2013-2016, horizonte 2020, era “promover a dinamización demográfica de Galicia logrando ascender posicións no ranquin das 303 rexións europeas relativo ao índice sintético de fecundidade, camiñando cara ao obxectivo de aumentar a media de 1,08 fillos/as por muller que se rexistra en Galicia ata achegarse á media europea situada en 1,59 fillos/as por muller.” A media de fillos/as por muller foi de 1,13 no 2016, ano de conclusión do citado Plan.



Polo anteriormente exposto, a deputada e o deputado que subscriben formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a

- Como valora a Xunta o fracaso do Plan para a Dinamización Demográfica de Galicia 2013-2016?
- Cando vai a Xunta presentar o prometido proxecto de lei de impulso demográfico? Vai fomentar o debate social sobre a cuestión? A que se debe a tardanza na presentación do proxecto de lei?
- Que valoración fai a Xunta sobre a enorme precariedade laboral en relación coa situación demográfica galega? Vai a Xunta reaccionar?
- Cando vai planificar a universalización do ensino 1-3 anos?
- Que vai facer a Xunta para posibilitar o retorno da mocidade emigrada?
- Que medidas vai aplicar a Xunta ante a insuficiencia da rede pública de atención a persoas maiores e dependentes?
- Ten a Xunta algún plan específico para as zonas de Montaña galegas?
- Atopa relación a Xunta entre a expansión de monocultivos forestais de crecemento rápido e o despoboamento?

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Luís Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 25/02/2019 10:41:34

Luis Villares Naveira na data 25/02/2019 10:41:43



Á MESA DO PARLAMENTO

Flora María Miranda Pena, deputada do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**

A Atención Primaria é o nivel asistencial máis accesible, eficiente, equitativo, resolutivo, próximo á cidadanía e instalado na comunidade.

Nos últimos anos de goberno do Partido Popular asistimos a un desleixo pola Atención Primaria nos que o orzamento (que os organismos internacionais estiman debe situarse próximo ao 25%) situouse no noso país no 12.6% (chegando en áreas como Vigo, especialmente carenciadas, en pouco máis dun 11%).

Entendemos que a única aposta verosímil pola Atención Primaria debe partir dunha dotación orzamentaria necesaria e suficiente para a súa dignificación, con dotación suficiente de persoal e estruturas de xestión propias. Fronte a iso estamos asistindo á presentación dun novo plan para a Atención Primaria da Consellería de Sanidade na que non constatamos esa vontade.

Simultaneamente asistimos a unha ampla mobilización profesional comprometida coa Atención Primaria e a unha burda tentativa da Consellería de desarticulala mediante a creación duns grupos de traballo non escollidos polas e polos profesionais da Atención Primaria.

O plan presentouse despois de pouco máis dun mes de reunións con tal premura e inconcreción que traduce un interese superficial da administración sanitaria pola Atención Primaria, e por extensión pola Sanidade Pública galega.





Constatamos no plan unha expresión de vontades con ausencia de concreción de melloras que dignifiquen non só a prestación asistencial en atención ordinaria, senón as condicións laborais de colectivos mobilizados: médicas e médicos novos eventuais “Médicas Precarias” e profesionais dos Puntos de Atención Continuada.

Facémonos eco da ausencia durante a meirande parte das reunións dos grupos de traballo de colectivos profesionais tan significativos como as matronas (vitais na atención á saúde global das mulleres), entre outros. Recollemos a proposta de creación dunha dirección de Atención Primaria en cada área como un modo de perpetuar as EOXS e un reparto desigual de estruturas de xestión entre a Atención Primaria e Hospitalaria, penalizando a primeira.

Realízanse propostas para o fomento da conciliación sen sentido nin consenso previo cos colectivos profesionais que mesmo pode amparar a ampliación da oferta horaria sen que redunde nunha maior contratación de persoal.

Publicítase a atención domiciliaria e aos pacientes inmovilizados sen considerar a necesidade concreta de incremento de recursos que estes pacientes obviamente precisan, tanto de persoal de enfermaría como médico.

Publicítase tamén a coordinación cos recursos de atención á saúde mental e drogodependencias, cando a dotación básica destes recursos se atopa extremadamente carenciada neste sistema sanitario.

Faise unha mención a cooperación en materia de servizos sociais cando, unha vez máis, o que se precisa é unha dotación digna para manexar o sufrimento social, a valoración da dependencia, a atención á vulnerabilidade (incluídos os e as anciáns neste país avellentado) e a eliminación da exclusión no acceso ao sistema sanitario público. Non se realiza mención algunha á inclusión de profesionais do traballo social nos equipos de atención primaria como un modo de integrar a atención ás persoas segundo o modelo biopsicosocial.





As accións anunciadas de prevención e promoción da saúde non se poden realizar sen TEMPO dos e das profesionais. E isto non é posible sen un incremento orzamentario para a contratación EN CONDICIÓNS DIGNAS de persoal.

Faise mención á SEGURIDADE de pacientes e profesionais sen que se concreten aumentos na dotación de persoal médico suficiente que permita a ELIMINACIÓN DA SATURACIÓN ASISTENCIAL (só se consegue con orzamento e profesionais con estabilidade laboral).

O reforzamento do papel da enfermaría é positivo na medida en que son profesionais valiosas sobre as que pivota a estratexia de cronicidade e de coidados, mais este colectivo profesional non é subsidiario ou auxiliar da profesión médica.

Habilitar o IANUS para receitar desde centros concertados podería aparentar unha diminución de sobrecarga de burocracia para a atención primaria, mais tamén pode implicar unha vía para consolidar a concertación como un modo de atención sanitaria, no lugar da utilización de recursos públicos, que deben ser dimensionados para evitar derivacións á concertada (e portas xiratorias, e conflitos de interese, e privatizacións encubertas).

Poténciase a figura da Xefatura de Servizo, pero non se reforza o concepto de Equipo de Atención Primaria como elemento de coordinación da asistencia que ten demostrado mellores resultados integrais en termos de saúde. Ademais non se define a vía de selección de dita xefatura, amparando arbitrariedades e sesgos na súa designación.

No que respecta á titorización e á investigación: non se poden asumir coa mesma carga asistencial.





En canto á PARTICIPACIÓN DOS E DAS PACIENTES: xa existen mecanismos legalmente establecidos para facela efectiva: os Consellos de Saúde de Área, que están sen constituír.

Parécenos necesario falar de renovación de material, pero os compromisos vense coa práctica. O estado de desleixo de moitos centros de saúde e do seu material fannos conscientes de que se precisa máis concreción.

En definitiva, a Atención Primaria de Saúde é o elemento fundamental dun sistema sanitario público que garanta a accesibilidade, a gratuidade, a equidade e a inclusión de todos os pacientes desde a perspectiva non só física, senón social e psicolóxica.

Pero esta aposta require dous compromisos básicos e firmes: o orzamentario e a dignificación profesional.

Sen cartos non hai atención solvente, sen condicións dignas de traballo as profesionais non poden efectuar unha atención de calidade.

Por estes motivos, a deputada que subscribe presenta as seguintes preguntas:

- 1.^a) Cal é o orzamento que estiman para a concreción deste plan de mellora?
- 2.^a) Que dotación concreta de profesionais de cada categoría estiman precisa para a súa implementación con garantías?
- 3.^a) Cales serán finalmente as condicións laborais do persoal dos Puntos de Atención Continuada trala implantación deste plan?
- 4.^a) Cales serán as condicións nas que desenvolverán o seu traballo as e os profesionais eventuais trala implantación deste plan?
- 5.^a) Que seguimento está estipulado facer ao desenvolvemento do Plan?
- 6.^a) Que ocorre coa Pediatría de Atención Primaria, á que non se fai mención?





- 7.^a) Cal será o mecanismo de selección dos xefes ou xefas de servizo?
- 8.^a) Como pensan dotar de estabilidade ao persoal?
- 9.^a) Cal é a dotación de prazas estipulada para a vindeira convocatoria da OPE para cada categoría de primaria e cando se celebrará?
- 10.^a) Cal será finalmente a estrutura de xestión que coloque a Atención Primaria ao mesmo nivel que a atención Hospitalaria?
- 11.^a) Inclúese dentro do orzamento de atención primaria o gasto en farmacias?
- 12.^a) Cales serán as funcións concretas do Persoal de Enfermaría?
- 13.^a) Cal será o mecanismo exacto de triaxe das urxencias ou dos pacientes sen cita?
- 14.^a) Como pensan redistribuír as diferentes cargas segundo cupos en función da comorbilidade?
- 15.^a) Dispoñen dalgún plan concreto para gratificar dalgún modo as prazas de máis difícil cobertura?

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2019.

Asdo.: Flora Maria Miranda Pena

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 25/02/2019 10:40:40





Á MESA DO PARLAMENTO

Flora María Miranda Pena, deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5.^a**

A Consellería de Sanidade ordenou recentemente a retirada das historias clínicas dos Centros de Saúde. Hoxe en día, coa informatización dos Centros, as historias dos pacientes están almacenadas no sistema operativo, por medio do programa Ianus,

Pero queda moita información sensible e confidencial en soporte papel. Esta documentación será amoreada nunha nave industrial. A recuperación desta información acumulada durante décadas será dificultosa, e mesmo irrecuperable. Faise necesario garantir a custodia dos datos clínicos e persoais de modo eficaz e coidadoso para preservar o dereito á súa protección.

A empresa responsable da custodia das historias é Servicio Móvil (antes denominada Severiano Gestión,). Nos últimos anos ten asinado un importante volume de contratos co Servizo Galego de Saúde. Esta empresa está aliada con Eulen, da que é administradora mancomunada Micaela Núñez Feijóo. O historial desta empresa non é excesivamente exemplar, pero segue a ter contratos e concesións públicas: no ano 2004 xestionaba o arquivo de historias de Pontevedra cando sufriu un incendio e no 2005 estaba encargada dunha nave da Consellería de Educación de Valencia que tamén ardeu (cun informe pericial que sinalaba a posible intencionalidade).





A Consellería de Sanidade, mediante o mecanismo da externalización, derivou a mans privadas amplas parcelas dos servizos sanitarios: a custodia das historias é un deles, mais tamén outros moitos.

Manifestamos a nosa preocupación polo mecanismo de contratación e polos antecedentes da propia empresa concesionaria no que respecta a accidentes, incendios e demais. Especialmente se consideramos que os datos que se custodian son extremadamente sensibles que requirirían un esmerado coidado da confidencialidade.

Por ese motivo, a deputada que subscribe presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) Realmente é necesario este traslado? Están as historias clínicas en boas mans? A empresa encargada deste proceso merece a nosa confianza?
- 2.^a) Que garantías se lle esixe no prego de contratación de custodia eficaz de datos altamente sensibles sobre a saúde e a vida das persoas?

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2019.

Asdo.: Flora María Miranda Pena

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Flora María Miranda Pena na data 25/02/2019 11:03:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª**.

A privatización de Novagalicia Banco (NCG) rematou en decembro de 2013, cando foi vendida a Banesco por 1.003 millóns de Euros. O FROB recoñeceu que a venda ocasionaba unhas perdas para o Estado de máis de 8.000 millóns, dando lugar a unha entidade, Abanca, que xa ten repartido máis beneficios que o prezo que custou.

O día 22 de febreiro do presente ano, a Comisión nacional do Mercado de Valores (CNMV) suspendía a cotización bursátil de Liberbank. Diferentes fontes xornalísticas informaban de a decisión estaba relacionada coas negociacións que o banco mantén con Abanca para integrarse nesta entidade. Existen informacións de afirman que a entidade con sede en Galiza ía presentar unha opa por Liberbank, un banco que cómpre recordar que foi nado da fusión de Caixa Asturias, Caixa Estremadura e Caixa Cantabria.

Neste sentido, o xornal de información económica “Expansión” informa de que Abanca tense dirixido aos principais accionistas de Liberbank para intentar comprala, citando fontes coñecedoras. A mesma fonte sinala que a operación que expuxo Abanca sería a través dunha operación que asemellaría a unha OPA por partes. Así, Abanca propón ás tres fundacións herdeiras das caixas fundadoras de Liberbank (CajAstur





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Caixa Cantabria e Caixa Estremadura) un troco de accións para manterse no accionariado dunha hipotética entidade combinada. E doutra banda, ofrece aos accionistas privados diñeiro en efectivo polos títulos que posúan na actualidade, para saír do accionariado do banco.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

-Como avalía a Xunta de Galiza a operación que está a realizar Abanca?

-Considera razoábel a operación expansiva despois de Abanca desprenderse da meirande parte da súa carteira industrial en Galiza?

-De levarse a cabo esta operación, que repercusións cree a Xunta de Galiza que terá para o conxunto da economía galega?

-Como avalía o goberno galego, en perspectiva, o proceso de bancarización das caixas galegas?

-Que repercusións ten no sistema financeiro a estratexia de Abanca ao tempo que se desfai de activos na industria e no tecido económico galego?

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 25/02/2019 11:23:23

María Montserrat Prado Cores na data 25/02/2019 11:23:28

Ana Pontón Mondelo na data 25/02/2019 11:23:30

Xose Luis Rivas Cruz na data 25/02/2019 11:23:31

Olalla Rodil Fernández na data 25/02/2019 11:23:33

Xosé Luis Bará Torres na data 25/02/2019 11:23:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ao trato dado aos membros da coordinadora Zas sen Recortes en Pediatría durante a visita do Presidente do Goberno a Zas.

Representantes da Coordinadora Zas Sen Recortes en Pediatría dirixíronse ao Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista para poñer no noso coñecementos o acontecido con motivo da visita do Presidente da Xunta ao Concello de Zas o pasado xoves 21 de febreiro, durante a cal catro membros da Coordinadora recibiron un trato indebido cando pretendían poñer de manifesto as súas demandas.

Segundo nos trasladan achegáronse á praza do Concello de Zas coa única intención de, chegado o momento, despregar unha pancarta co lema, “Zas sen recortes en pediatría”, e, de ser posible, falar uns segundo co Presidente e trasladarlle a situación.

Non só non lle deixaron achegarse ao resto de persoas que estaban agardando por Núñez Feixóo senón, que estiveron “custodiad@s” na praza do Concello. Logo só se lles permitiu o desprazamento “escoltad@s”. Tamén denuncian que posteriormente en Baio un membro da escolta procedeu a fotografar o coche no que viaxaban.

@s membros da coordinadora denuncian que o día 21 de febreiro sentiron que non se lles tratou como país e nais que defendía os dereitos de centos de nen@s a unha sanidade pública digna de maneira sempre pacífica e educada senón que o trato que se





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

lles deu foi o mesmo que se lles dá aos delinquentes. Sentiron que @s humillaron, denigraron e todo isto facendo abuso de poder.

Polas razóns expostas fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

-Cal é a explicación do trato dado aos membros da coordinadora “Zas sen Recortes en Pediatría”?

-Considera o Goberno galego que @s representantes da Coordinadora “Zas sen Recortes en Pediatría” recibiron un trato digno cando só pretendía visibilizar a falta de atención pediátrica para @s nen@s do concello?

-Considera que é “custodiando” “escoltando” e “fotografando” aos membros da Coordinadora como atende as súas demandas?

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 25/02/2019 12:53:53

Ana Pontón Mondelo na data 25/02/2019 12:53:59

Xose Luis Rivas Cruz na data 25/02/2019 12:54:01

Olalla Rodil Fernández na data 25/02/2019 12:54:02

Noa Presas Bergantiños na data 25/02/2019 12:54:04

Xosé Luis Bará Torres na data 25/02/2019 12:54:06





Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez deputadas do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte ***PREGUNTA para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG***.

En pouco máis dun mes presenciamos as dimisións de Montse Lama e José Araújo, dúas das caras máis coñecidas do Partido Popular de Ourense. Estes dous cargos confesaron estar decepcionados e en profundo desacordo co rumbo que tomou o Partido Popular na provincia ourensá.

O día 20 de febreiro reproducíuse unha pequena noticia tratando a dimisión de Montse Lama, esta non dura nin a totalidade dun minuto e evítanse tratar os motivos que ela mesma deu e polos que decidiu levar a cabo a presentación da súa dimisión como, por exemplo, o seu descontento despois de que o PP de Xinzo apoiase ao ex alcalde en vez de a ela cando este foi inhabilitado por contratacións irregulares.

José Araújo comunicou días antes que Montse Lama a súa dimisión dos cargos que ocupaba no Partido Popular. Esta noticia foi tratada o día 29 de xaneiro e, a pesar de ter unha duración lixeiramente maior tampouco se citaron os motivos que o ex portavoz argumentou para razoar a súa marcha do partido e posterior incorporación a Ciudadanos, tales como o desacordo co rumbo que leva o goberno local e a ineficacia que amosa o grupo de Vázquez para liderar o concello.

A pesar da importancia dos feitos e das condicións nas que estes dous ex





membros abandonaron o partido, na TVG non se detecta ningún resplandor de mínima crítica e tratáronse as dúas noticias de forma que se eludiron por completo os motivos que manifestaron para a súa dimisión e a súa incorporación a outro grupo político

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea formula as seguintes preguntas para a súa resposta oral en **Comisión**:

- Por que non se tratan nestes informativos as noticias referentes aos problemas internos do Partido Popular como se fai con outras organizacións?
- Cal é o motivo de intentar camuflar e silenciar os problemas internos do Partido Popular ?
- Por que non se pregunta nas comparecencias de membros do Partido Popular por estas cuestións como si se fai co resto de organizacións?

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:





**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 25/02/2019
16:32:26**

Luca Chao Pérez na data 25/02/2019 16:32:36



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 7.^a**

A Comunidade de Montes “A Fenteira” de Brosmos (parroquia de Santa Cruz de Brosmos, Concello de Sober) levou a cabo unha tala de piñeiros en terreos do monte comunal, existindo unha denuncia ante a Confederación Hidrográfica Miño Sil por esta corta, porque se tería producido no entorno dun regato, na zona da Fenteira, sen autorización.

Coñecemos por declaracións en prensa que, segundo o Presidente da Comunidade de Montes de Brosmos, a corta no monte comunal é diferente que a denunciada, e alega que “non se poden confundir estas dúas cortas, porque foron en sitios distintos.”

Tamén por declaracións á prensa coñecemos que a Confederación Hidrográfica Miño Sil comprobou que a tala obxecto de denuncia se realizou sen dispor de autorización administrativa, polo que se abriron actuacións coa finalidade de identificar á persoa ou persoas que poidan ser responsables da corta de árbores e determinar en que circunstancias se levou a cabo.

Asemade, particulares teñen sinalado que se tiraron restos da corta ao regato que atravesa a zona da Fenteira.

Por este motivo, dende En Marea temos formulado preguntas á Confederación Hidrográfica Miño-Sil, aínda sen resposta, e pedido á Xunta información sobre os expedientes de permisos de corta concedidos pola Consellería de Medio Rural



en dita parroquia entre xaneiro de 2017 e xullo de 2018, téndonos unicamente trasladado a Xunta o número de permisos e as súas datas. En dita información non consta ningún permiso de corta na parroquia entre o 30/10/2017 e o 31/01/2018.

Temos comprobado in situ a magnitude da corta que tivo lugar no Monte Comunal “A Fenteira”.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta á Xunta de Galicia:

- Cantas hectáreas de terreo ocupa a tala de piñeiros realizada pola Comunidade de Montes A Fenteira, en Santa Cruz de Brosmos, e en que data foi concedido o permiso?
- Ten constancia a Xunta de que na tala citada se tiraron muros e marcos?
- Ten constancia a Xunta de que na tala citada non se retiraron por completo os restos de corta?
- Ten coñecemento a Xunta da corta denunciada no entorno do regato?

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



Paula Vázquez Verao na data 25/02/2019 17:58:04



Á Mesa do Parlamento

Abel Losada Álvarez, Noela Blanco Rodríguez e Patricia Vilán Lorenzo, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O día 30 de xaneiro de 2019, o alcalde de Arbo e a presidenta dunha S. Coop Galega asinaban un convenio de cesión dunha vivenda para a creación da Casa de Maior no concello. Tal e como aparecía na propia páxina web do concello, esta S. Coop Galega sería a encargada da rehabilitación e mantemento dunha vivenda en Sela para ofrecer un servizo ós veciños maiores que o precisen.

Así como tamén se compromete a empregar persoas do municipio de Arbo para atención e o coidado dos seus residentes, de acordo a concesión da achega a esta cooperativa por parte da Xunta de Galicia, de acordo a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia que regula a forma en que se prestarán os servizos da Casa do Maior.

O sorprendente é que na resolución da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade asinada o 29 de xaneiro e publicada no Diario Oficial de Galicia o 11 de febreiro de este ano, a concesión quedaba condicionada ao cumprimento dunha serie de condicións que aparecen como tal recollidas no propio DOG.

Sen embargo sorprendentemente o convenio de cesión a esa empresa foi asinado ao día seguinte do asinamento da resolución por parte da Xunta de Galicia, antes de que saíra publicado no DOG, e polo tanto, sen tempo material para que a empresa adxudicataria cumprira as demandas de documentación realizadas pola propia administración.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é o nome da empresa adxudicataria deste servizo da Casa do Maior de Arbo?
2. Considera a Xunta de Galicia que o cronograma dos diferentes procesos administrativos relacionados con esta concesión permite establecer unha garantía de transparencia e bo goberno?



3. Considera a Xunta de Galicia que o procedemento de concesión foi o axeitado?

Pazo do Parlamento, 25 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 25/02/2019 17:58:42

Noela Blanco Rodríguez na data 25/02/2019 17:58:49

Patricia Vilán Lorenzo na data 25/02/2019 17:58:54



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Abel Fermín Losada Álvarez, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

Poligal é un dos principais fabricantes europeos de film de polipropileno biorientado (BOPP) e polipropileno cast (CPP), que ten fábricas en Narón (España), Arcos de Valdevez (Portugal) e Skarbimierz (Polonia).

A fábrica situada no Polígono da Gándara, concello de Narón, conta cun cadro de persoal de 108 traballadores directos, así como as empresas que dependen da actividade de Poligal.

Trala celebración das eleccións sindicais, o pasado día 22, a dirección da empresa, pertencente ao Grupo Peralada, comunicáballe aos traballadores que a fábrica de Narón é insolvente e, por non poderen facer fronte ás súas obrigas, vai ser un administrador concursal o interlocutor que se ocupe de xestionar o futuro da fábrica de plásticos do sector da alimentación.

Por iso, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) É coñecedora a Consellería de Industria da situación na que se atopa a empresa Poligal, no concello de Narón, en caso afirmativo, desde cando?

2ª) Que medidas puxo en marcha a Consellería de Industria para que a empresa Poligal siga mantendo a súa actividade no concello de Narón?

3ª) Que medidas vai activar a Consellería de Industria para que a empresa Poligal siga mantendo a súa actividade no concello de Narón?

Pazo do Parlamento, 25 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 25/02/2019 18:04:59





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/02/2019 18:12:32
Nº Rexistro: 46870
Data envío: 25/02/2019 18:12:32.117

Abel Fermín Losada Álvarez na data 25/02/2019 18:05:09

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: MMdtPeGUd1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

José Manuel Rey Varela, Miguel Tellado Filgueira, Diego Calvo Pouso, Martín Fernández Prado, Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

A Ría de Ferrol é un recurso turístico e natural único na nosa cidade. Aproximadamente 500 familias traballan no sector do marisqueo, promovendo unha economía sostible medioambientalmente e traballando día a día por mellorar a calidade da nosa ría.

Desde fai anos, o Goberno de Galicia ven traballando por mellorar a produtividade dos bancos marisqueiros, promovendo medidas de conservación e rexeneración dos espazos marisqueiros das rías, recuperando novas superficies, e colaborando coas diversas confrarías e entidades asociativas na execución de varios proxectos.

Nestes últimos anos conseguíuse, por un lado, mellorar a calidade das augas en tres zonas da ría de Ferrol, incluído todo o banco das Pías que, clasificado como zona C dende 1998, pasou a clasificarse como zona B no 2017; e por outro lado, poñendo en marcha a batea de reinstalación, coa que o volume de descargas e o valor económico en primeira venda nas lonxas incrementouse de forma sensible do 2012 ao 2018.

Todo este traballo viuse reflexado cun aumento do número de permisos de explotación nun 20% desde 2011 e, segundo, recuperando a tendencia positiva na facturación media anual.

Recentemente as confrarías de Ferrol e Barallobre plantexaron a necesidade de facer diferentes xestións cara a viabilidade da apertura de fondos e, en todo caso, para a plantación de semente en toda a ría que posibilite a renovación dos produtos marisqueiros na mesma.

En todo caso, a propia Consellería do Mar xa lle anunciou aos representantes das confrarías da ría a súa intención de destinar 268.000 euros a tarefas de mellora das zonas e recuperación da produción, así como ao control das mesmas áreas. Do mesmo xeito, tamén brindou o apoio dos servizos técnicos da Consellería para contribuír a un mellor coñecemento das condicións oceanográficas da ría e dos



recursos marisqueiros, ampliando a labor que ven desenvolvendo desde hai anos neste eido.

Tendo presente a vontade da Xunta de Galicia de colaborar coas confrarías da ría e co sector marisqueiro, falta saber se desde outras Administracións como a Deputación Provincial e o Goberno do Estado, déronse tamén estes pasos para implantar melloras produtivas na ría de Ferrol.

Por todo isto os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas en Comisión:

1. Houbo algún contacto por parte de outras Administracións (Deputación, Estado) coa Consellería do Mar para a sinatura de algún convenio ou colaboración para a implantación de melloras produtivas na ría de Ferrol?
2. Cal é a vontade da Consellería do Mar para a implantación de melloras produtivas na ría de Ferrol?

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Rey Varela na data 26/02/2019 10:07:54

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/02/2019 10:08:04

Diego Calvo Pouso na data 26/02/2019 10:08:12

Martín Fernández Prado na data 26/02/2019 10:08:24

Teresa Egerique Mosquera na data 26/02/2019 10:08:34

María Ángeles García Míguez na data 26/02/2019 10:08:45

Alberto Pazos Couñago na data 26/02/2019 10:08:52

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2019 10:14:08
Nº Rexistro: 46880
Data envío: 26/02/2019 10:14:08.032

Marta Rodriguez Arias na data 26/02/2019 10:09:04

María Soraya Salorio Porral na data 26/02/2019 10:09:14

Daniel Vega Pérez na data 26/02/2019 10:09:21

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: MMdPeGUd1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

José Manuel Rey Varela, Miguel Tellado Filgueira, Diego Calvo Pouso, Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Raquel Arias Rodríguez e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Ferrol é unha cidade vinculada á construción naval, nos anos 70, os estaleiros da ría chegaron a empregar a 15.000 persoas, e entón se usaba con gran frecuencia o amianto. Este material tamén era usado no sector da construción.

O amianto afecta á pleura, provocando o seu engrosamento, e co tempo comprimindo o pulmón e dificultando a respiración. Nos casos mais graves, chega a provocar asbestoses e cancro.

As empresas non aportaban as medidas de seguridade necesarias aos traballadores que manipulaban amianto, e estes descoñecían os seus efectos.

A Sociedade española de neumoloxía e cirurxía torácica (SEPAR) publicou unha normativa titulada *“Recomendaciones sobre el diagnóstico y el manejo de la patología pleural y pulmonar por asbesto”*.

Estes feitos fan preciso que nunha cidade como Ferrol exista unha Unidade específica de vixilancia post-ocupacional dos traballadores que estiveron en contacto co amianto, de acordo co RD 396/2006, de 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballadores con risco de exposición ao amianto, e que no seu artigo 3, deixa claro que todo traballador con antecedente de



exposición ao amianto debe ser sometido a control médico preventivo, preferentemente en servizos de Neumoloxía.

Nestes momentos mais de 1.000 pacientes son seguidos nas consultas de asbesto do Complexo Hospitalario Universitario de Ferrol e un número maior a seguimento nos Centros de Saúde da Área Sanitaria de Ferrol en base ao protocolo existente.

A alta incidencia de patoloxías relacionadas co asbesto na Área Sanitaria de Ferrol, así como a experiencia no manexo destas patoloxías fai necesaria a creación dunha Unidade de Referencia para a diagnose e asesoramento sobre as patoloxías relacionadas coa exposición ao asbesto. A resposta a esta necesidade vería a facilitar o acceso a pacientes de outras áreas, en caso de que fora necesario, dando así cumprimento ás demandas realizadas desde AGAVIDA e as organizacións sindicais participantes na comisión de seguimento.

Por todo elo, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Ten pensado o Goberno Galego a creación dunha Unidade de Referencia para a diagnose e asesoramento sobre as patoloxías relacionadas coa exposición ao asbesto?.

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Rey Varela na data 26/02/2019 12:06:37

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 26/02/2019 12:06:44

Diego Calvo Pouso na data 26/02/2019 12:06:50

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 26/02/2019 12:06:57

María Encarnación Amigo Díaz na data 26/02/2019 12:07:03

María Ángeles García Míguez na data 26/02/2019 12:07:09

Marta Rodríguez Arias na data 26/02/2019 12:07:15

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2019 12:10:10
Nº Rexistro: 46883
Data envío: 26/02/2019 12:10:10.846

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 26/02/2019 12:07:25

María Soraya Salorio Porral na data 26/02/2019 12:07:33

Raquel Arias Rodríguez na data 26/02/2019 12:07:40

Sandra Vázquez Dominguez na data 26/02/2019 12:07:47

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: MMdPeGUd1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araujo e Marcos Cal Ogando, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 1.ª**

O ano pasado, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia condenou ao Goberno da Xunta por vulnerar o dereito á folga das mulleres durante a xornada do 8 de marzo cun decreto de servizos mínimos “malicioso”, do cal o alto tribunal chegou a dicir que lle producía un “rotundo rexeitamento”. O decreto do Goberno galego frustrou o dereito á folga de, polo menos, tres departamentos da Administración autonómica –da Presidencia da Xunta, do Centro de Emerxencias do 112 e do Parque das Illas Atlánticas– e da CRTVG.

O TSXG concluíu que a Xunta abusou “da súa posición como autoridade gobernativa” ao publicar o decreto o día antes da folga, restrinxindo, desta maneira, o prazo de impugnación dunha maneira inxustificada. O Tribunal defendeu que “tal premura impediu un exame en profundidade de tódolos servizos afectados”, e non foi consistente nin coa “eficacia” nin coa “boa fe”.

No que atinxe á Presidencia, o Tribunal declarou “desproporcionado e inxustificado” que a Xunta establecera un servizo mínimo de 24 horas ao porteiro maior, algo que nin tan sequera se esixe os domingos. Sobre o 112 mantivo que foi desmesurado solicitar a presenza do 100% do persoal responsable de recibir as chamadas na central de emerxencias. Por último, acerca do Parque das Illas Atlánticas a sentenza non viu xustificación á presenza dunha guía.





Con isto sobre a mesa, o Tribunal anulou o decreto de servizos mínimos nos tres departamentos máis na CRTVG e puxo á Xunta o pagamento das costas xudiciais do proceso sen fixar un límite cuantitativo.

Hoxe constatamos que este ano van tratar de repetir o mesmo. A Conferencia Intersindical Galega (CIG) vén de denunciar que a proposta de servizos mínimos presentada pola Xunta de Galicia para a folga de mulleres do vindeiro 8 de marzo é “abusiva” e está “fóra de lugar”; outra vez se decretan servizos mínimos en centros e postos que non teñen un carácter esencial. No caso concreto do 112, preténdese facer pasar persoal de formación ou de comunicación, prensa e imaxe como imprescindible.

Tendo en conta os antecedentes, a actitude da Xunta de Galicia ante a mobilización do próximo 8 de marzo só se pode considerar unha provocación.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 1.^a

- A Xunta de Galicia vai vulnerar novamente o dereito á folga das mulleres o vindeiro 8 de marzo?
- Que servizos mínimos pensa impoñer? Con canta antelación? Con que xustificación?

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araujo

Marcos Cal Ogando

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 26/02/2019 12:35:05

Marcos Cal Ogando na data 26/02/2019 12:35:14



Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**.

A AP-9 segue a representar unha profunda anomalía dentro da rede de infraestruturas galegas. A principal vía de comunicación terrestre que atravesa o eixo atlántico galego de norte a sur e que supón un elemento fundamental para a economía galega, segue estando privatizada e impondo unhas peaxes totalmente abusivas.

Cando se observa o mapa da rede de autoestradas en España ponse de manifesto aínda de forma máis intensa a anomalía que representa a AP-9. Resulta curioso ver como Galicia é a única Comunidade Autónoma, a excepción do País Vasco, onde a principal vía de comunicación terrestre segue estando en mans dunha empresa privada. Noutras Comunidades Autónomas tamén se poden ver autoestradas privatizadas, como en Castela León ou Andalucía, pero tal privatización non afecta á principal vía de comunicación de tales territorios.

Esta anomalía da AP-9 agrávase co feito de que a xestión das autoestradas galegas pode converterse nun monopolio. De confirmarse finalmente que o grupo Globalvía tome o control de Audasa, empresa que xestiona a AP-9, dito grupo empresarial pasaría a xestionar a meirande parte da rede de autoestradas galegas. Polo momento, Globalvía controla a AP-53, xa que conta co 61,39% das accións dunha infraestrutura que xestionará ata o 2074.





Mais o punto forte de Globalvía en Galicia viría da man de Itínere. Con ela integraría o 18,3% de Itínere na AP-53 e tomaría o mando da AG-55 (A Coruña-Vimianzo), da AG-57 (Puxeiros-Baiona) e especialmente da AP-9.

A todo este fenómeno profundamente negativo para a economía e a sociedade galega, haille que engadir o feito da xestión dun goberno que da síntomas de verse salpicada por satisfacer intereses corporativos, como así demostrou o goberno do PP ao ampliar a concesión en 30 anos máis. Pero tamén nas propias peticións que leva o goberno da Xunta sobre as rebaixas das peaxes da AP-9.

A xunta vén de trasladarlle ao goberno o pagamento de 266 millóns de euros a Audasa co obxectivo de que non se produzan subidas extraordinarias de peaxe, o que chega a resultar unha absoluta contradición. A Xunta sempre se negou á posible compra por parte do Estado de dito activo debido ao seu custo mentres que, agora, esixe que se lle dean 266 millóns de euros. Se tales fondos foran destinados á compra da autoestrada, nun período de cinco anos dita compra podería estar amortizada.

A AP-9 segue sendo un ben público que xoga un rol fundamental na economía e sociedade galega e cuxa privatización produce unha importante anomalía. A súa explotación é un agravio para a cidadanía e supón unha enorme extracción de rendas por parte dun monopolio. O feito é que AP-9 recadará en peaxes, entre o 2019 e 2048, aproximadamente uns 14.556,3 millóns de euros. Por mor das subas, a empresa percibirá 1,3 millóns cada día durante os próximos trinta anos. Cando finalice a concesión Audasa ingresaría dez veces máis do que custou.

Ante o exposto anteriormente, o grupo parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

1. Que opinión lle merece á Xunta de que a principal vía de comunicación terrestre en Galicia sexa controlada por unha empresa privada?
2. Que consideración lle merece á Xunta o agravio que sofre a cidadanía galega en comparación á do resto de España por mor de ter a súa principal infraestrutura privatizada?



3. Pensa actuar a Xunta de confirmarse o monopolio de Globalvía na xestión de autoestradas de Galicia?
4. Por que a Xunta prefire regalar os cartos dos galegos e galegas a unha gran empresa en lugar de aproveitar tales recursos para devolver dita infraestrutura ao público?

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 26/02/2019 13:53:32

Antón Sánchez García na data 26/02/2019 13:53:46



Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Otero Rodríguez, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

No “Informe sobre os procesos de reordenación de entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia”, do que deu conta o Consello da Xunta do pasado 17 de xaneiro de 2019, no Listado de operacións pendentes -entidades que restan por rematar os procesos de reordenación- figuran o Consello Económico e Social de Galicia e o Consello Galego de Relacións Laborais entre as operacións fóra dos plans de reordenación. Para ambos os consellos sinalase a operación de fusión.

Considerando a natureza do Consello Económico e Social de Galicia, creado pola Lei 6/1995, do 28 de xuño, e do Consello Galego de Relacións Laborais, regulado pola Lei 5/2008, do 23 de maio, os deputados e as deputadas que asinan preguntan:

Cales son as previsións concretas do Goberno galego en materia de reordenación do Consello Económico e Social de Galicia e do Consello Galego de Relacións Laborais?

Pazo do Parlamento, 26 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 26/02/2019 16:25:34

Patricia Vilán Lorenzo na data 26/02/2019 16:25:44

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 26/02/2019 16:25:57

Patricia Otero Rodríguez na data 26/02/2019 16:26:01

Noela Blanco Rodríguez na data 26/02/2019 16:26:08

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2019 16:35:04
Nº Rexistro: 46907
Data envío: 26/02/2019 16:35:04.498

Julio Torrado Quintela na data 26/02/2019 16:26:15

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: MMdtPeGUd1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Otero Rodríguez, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

No “Informe sobre os procesos de reordenación de entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia”, do que deu conta o Consello da Xunta do pasado 17 de xaneiro de 2019, no Listado de operacións pendentes -entidades que restan por rematar os procesos de reordenación- figuran o Consello Económico e Social de Galicia e o Consello Galego de Relacións Laborais entre as operacións fóra dos plans de reordenación. Para ambos os consellos sinalase a operación de fusión.

Considerando a natureza do Consello Económico e Social de Galicia, creado pola Lei 6/1995, do 28 de xuño, e do Consello Galego de Relacións Laborais, regulado pola Lei 5/2008, do 23 de maio, os deputados e as deputadas que asinan preguntan:

Cales son as previsións concretas do Goberno galego en materia de reordenación do Consello Económico e Social de Galicia e do Consello Galego de Relacións Laborais?

Pazo do Parlamento, 26 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 26/02/2019 16:26:30

Patricia Vilán Lorenzo na data 26/02/2019 16:26:40

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 26/02/2019 16:26:50

Patricia Otero Rodríguez na data 26/02/2019 16:26:57

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2019 16:35:27
Nº Rexistro: 46908
Data envío: 26/02/2019 16:35:27.871

Noela Blanco Rodríguez na data 26/02/2019 16:27:05

Julio Torrado Quintela na data 26/02/2019 16:27:13

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: MMdtPeGUd1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Patricia Otero Rodríguez, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

No “Informe sobre os procesos de reordenación de entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia”, do que deu conta o Consello da Xunta do pasado 17 de xaneiro de 2019, no Listado de operacións pendentes -entidades que restan por rematar os procesos de reordenación- figuran o Consello Económico e Social de Galicia e o Consello Galego de Relacións Laborais entre as operacións fóra dos plans de reordenación. Para ambos os consellos sinalase a operación de fusión.

Considerando a natureza do Consello Económico e Social de Galicia, creado pola Lei 6/1995, do 28 de xuño, e do Consello Galego de Relacións Laborais, regulado pola Lei 5/2008, do 23 de maio, os deputados e as deputadas que asinan preguntan:

Cales son as previsións concretas do Goberno galego en materia de reordenación do Consello Económico e Social de Galicia e do Consello Galego de Relacións Laborais?

Pazo do Parlamento, 26 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 26/02/2019 16:27:34

Patricia Vilán Lorenzo na data 26/02/2019 16:27:47

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 26/02/2019 16:27:53

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/02/2019 16:35:44
Nº Rexistro: 46909
Data envío: 26/02/2019 16:35:44.577

Patricia Otero Rodríguez na data 26/02/2019 16:27:59

Noela Blanco Rodríguez na data 26/02/2019 16:28:06

Julio Torrado Quintela na data 26/02/2019 16:28:12

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 2.^a**

A mina de Touro só conta co apoio do Partido Popular que, como de costume, pretende facer negocio malvendendo os recursos naturais do noso territorio. O resto de actores políticos e sociais fai tempo que nos pronunciarnos en contra da explotación debido aos danos inmensos que está provocando na súa contorna.

Durante o mes de xaneiro, as fortes choivas –comúns nesta época do ano– provocaron o desbordamento do río Portapego ao seu paso por Touro. As súas augas laranxas chegaron ata as rúas da localidade, levando con elas a contaminación da mina. Nada novo. A Plataforma Veciñal da Mina de Touro denunciara un mes antes o desborde da balsa mineira de Bama, que verteu o seu lixo nun afluente do Ulla. A mesma situación repetiuse en varias ocasións durante o ano pasado.

Os riscos que supón a mina de Touro para o medio ambiente son, así, claros, polo que non se explica que a súa Declaración de Impacto Ambiental non sexa negativa. Como sinalaron varios científicos galegos, a documentación presentada na DIA é inconcreta, repetitiva e pouco definida. Dito doutro xeito, é un traxe feito a medida para satisfacer os intereses espurios do conglomerado de empresas encabezadas por Cobres San Rafael.





Agora, novos datos extraídos dos informes incorporados ao proxecto mineiro de Touro veñen de confirmar que a práctica totalidade dos materiais xeolóxicos da mina xerarían drenaxes ácidas e mobilizarían metais tóxicos.

Na “Documentación técnica asociada a la solicitud de autorización de vertido de las aguas pluviales procedentes de la balsa de Bama” recoñécese a necesidade de xestionar e tratar *“las aguas de escorrentía circulantes a través de las superficies afectadas por la anterior actividad minera”*, ás que denominan “augas brutas”. Isto non se admitira con anterioridade. Estas “augas brutas” portan unha alta carga contaminante debido á natureza dos materiais afectados pola actividade mineira.

Ademais de recoñecer a existencia de augas contaminadas, na documentación recoñécese que máis do 90% dos materiais in situ da mina (zonas mineralizadas, anfíbolitas, xisto e paragneises) provocarían problemas de acidez e de mobilización de metais tóxicos. Así mesmo, a empresa asume que *“los únicos materiales que no tienen un potencial acidificante son prácticamente los suelos superficiales y algunas saprolitas fuertemente oxidadas de naturaleza caolínica. El resto de los materiales siempre producirá acidez y, prácticamente en todos los casos, si no se realizan actividades preventivas de mitigación de los procesos oxidativos y de tamponización llegarán a condiciones hiperácidas”*. E polo que atinxe aos produtos da actividade mineira, Explotaciones Gallegas S.L. afirma *“A idénticas conclusiones, sólo que todavía con mayor riesgo de acidificación se llega analizando el contenido de azufre y la cinética de oxidación forzada en laboratorio, de materiales recogidos en escombreras y cortas de la mina Touro”*.

Todo isto contratas de maneira significativa con que dixera a empresa ata o momento. Segundo Explotaciones Gallegas S. L., o volume de estériles que



xeraría drenaxe ácida sería do 50%, mentres que os materiais non acidificantes serían o 50%.

Así, dado que se admite que a practica totalidade dos materiais da mina (o 90%) xeraría drenaxes ácidas, tense que recoñecer que tódalas medidas de tratamento dos estériles, as de contención e mitigación da drenaxe ácida e as propostas de restauración feitas ata o de agora son incorrectas e ineficientes, porque se fixeron considerando só un 50% de drenaxes ácidas, polo que o conxunto do proxecto non é viable.

Cómpre, polo tanto, que a Xunta de Galicia emita unha Declaración de Impacto Ambiental desfavorable que poña fin á actividade da mina de Touro.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Que avaliación fai a Xunta de Galicia dos datos aparecidos na “Documentación técnica asociada a la solicitud de autorización de vertido de las aguas pluviales procedentes de la balsa de Bama”, tendo en conta que contradín a información outorgada nun comezo por Explotaciones Gallegas?
- Pensa que as medidas de tratamento dos estériles, as de contención e mitigación da drenaxe ácida e as propostas de restauración que se adoptaron considerando só un 50% de drenaxes ácidas continúan tendo sentido?
- Pensa emitir unha Declaración de Impacto Ambiental desfavorable agora que sabe a verdade acerca das porcentaxes de drenaxes ácidas?
- Que é o que pensa facer? Por que?

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2019.

.





Asdo.: Antón Sánchez García
Marcos Cal Ogando
Deputados do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 26/02/2019 18:57:45

Marcos Cal Ogando na data 26/02/2019 18:57:49



Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López, Abel Losada Álvarez e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

A pesar do continuo exercicio de publicidade e propaganda sobre a extensión das TIC's no territorio da Comunidade Autónoma, e das inxentes cantidades de fondos que se destinan a apoiar esta extensión, a realidade, denunciada en moitas ocasións polo Grupo Socialista é que as zonas de sombra son aínda moitas en Galicia. E non só en zonas illadas do interior, senón en moitos casos en núcleos urbanos.

Así está a ocorrer no centro do núcleo urbano de Baralla (provincia de Lugo), onde non hai liñas suficientes para dar conexión telefónica e servizo de internet.

Mesmo no centro de Baralla, como na zona da rúa Evaristo Correa Calderón, hai zonas onde non hai “pares” libres para poder ter servizo de internet por cable o que tamén impide cambiar de compañía o que na práctica se resolve nun monopolio de Telefónica-Movistar. Os veciños afectados por esta carencia vense obrigados a contratar con Movistar servizos que non desexan como por exemplo televisión para poder acceder a tarifas planas de móbiles.

Unha situación semellante se está a dar en moitas rúas e é necesario que Telefónica-Movistar faga unha ampliación da capacidade de usuarios e de liñas. Non facelo implica poñer unha barreira tecnolóxica e penalizar economicamente a empresas e veciños deste concello xa que servizo telefónico e de internet é hoxe un servizo básico que debe estar asegurado, independentemente do custo ou beneficio para a empresa, máxime cando é nun núcleo urbano e con unha empresa que continuamente recibe subvencións públicas.



Polo exposto, a deputada e deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. É coñecedora a Xunta de Galicia da situación de clara discriminación que están a sufrir moitos veciños e veciñas do núcleo urbano de Baralla en termos de acceso a servizos de telefonía e de internet coa calidade axeitada a través de conexión terrestre?
2. Que ten pensado facer a Xunta de Galicia ante esta situación?
3. Tense posto en contacto a Xunta de Galicia coa empresa Telefónica-Movistar, receptora de fondos públicos, para tentar solucionar esta situación de discriminación?

Pazo do Parlamento, 26 de febreiro de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López

Abel Losada Álvarez

José Manuel Pérez Seco

Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 26/02/2019 19:13:12

Abel Fermín Losada Álvarez na data 26/02/2019 19:13:20

Jóse Manuel Pérez Seco na data 26/02/2019 19:13:27



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

As Fragas do Eume é un parque natural do norte de Galicia que foi creado o 30 de xullo de 1997 e protexe aproximadamente 9.100 ha. nas ribeiras do río Eume, concretamente nos municipios de Cabanas, A Capela, Monfero, Pontedeume e As Pontes de García Rodríguez.

A estrada AC-564, que comunica a AP-9 no concello de Cabanas coa AG-64 no concello das Pontes, e ao seu paso polo concello da Capela aproximadamente no Pk 9+700 na súa marxe dereita, arranca a antiga estrada da Central do Eume pola cal podemos acceder a distintos lugares do concello da Capela, así como ao Portal de acceso ás Fragas do Eume e tamén serve de acceso en vehículo ao Parque Natural das Fragas do Eume.

A antiga estrada da Central do Eume desde o Pk 2+300 ata o Pk 5+500, divide ao Parque Natural das Fragas do Eume en dúas partes, e na actualidade atopase en mal estado, polo que é necesaria a súa reparación para facilitar o acceso rodado ás Fragas.

Por iso os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) É coñecedora a Xunta de Galicia da situación na que se atopa a estrada que dá acceso ao Parque Natural Fragas do Eume desde o Pk 2+300 ata o Pk 5+500, no concello da Capela?

2ª) Ten previsto a Xunta de Galicia realizar o aglomerado e pintado da estrada que dá acceso ao Parque Natural Fragas do Eume desde o Pk 2+300 ata o Pk 5+500, no concello da Capela, en caso afirmativo, cal é o prazo?

Pazo do Parlamento, 26 de febreiro de 2019





Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 26/02/2019 19:32:12

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/02/2019 19:32:22

María Luisa Pierres López na data 26/02/2019 19:32:29



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luí Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

As obras na PO-230, na parroquia de Serrapio en Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) están illando dende hai tempo aos veciños e veciñas, que teñen que dar unha volta duns vinte quilómetros polo corte do vial. Xa pasou o prazo prometido para a apertura pola Consellería de Infraestruturas (o 18 de febreiro) e nada se sabe.

Este atraso na finalización das obras está a ocasionar graves problemas á veciñanza, tales como o desenvolvemento por estrada de moitos servizos. A ninguén se lle escapa que as condicións xeográficas e demográficas do concello de Cerdedo-Cotobade caracterizan unha Galicia rural, con poboación dispersa e envellecida, cuxos membros máis activos das familias están desprazados aos grandes núcleos de poboación, con dificultades de comunicación polas condicións persoais e polas deficiencias de transporte público e de comunicacións para a mobilidade por medios propios. E estas obras na PO-230 son necesarias e longamente, agardemos que non eternamente, esperadas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten coñecemento o Goberno galego do crecente malestar da veciñanza polas obras na PO-230, na parroquia de Serrapio, en Cerdedo-Cotobade (Pontevedra)?
2. Cales son os motivos do atraso nas obras?
3. Para cando ten previsto o Goberno o remate das ditas obras?

Pazo do Parlamento, 26 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 12:26:49
Nº Rexistro: 46933
Data envío: 27/02/2019 12:26:49.088

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/02/2019 12:24:41

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/02/2019 12:24:47

María Luisa Pierres López na data 27/02/2019 12:24:52

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

No concello de Cerceda hai un centro residencial e de día que foi inaugurado no ano 2015 que conta con 22 habitacións para persoas residentes e 42 prazas de centro de día. As prazas de residencia están ocupadas na súa totalidade desde a apertura do centro, sendo as do centro de día máis variables (actualmente 16 persoas).

O centro consta de 22 habitacións, 13 baños, sala, comedor, ximnasio e cabinas para tratamentos e ten unha dotación de persoal de 1 directora, 1 psicóloga, 1 terapeuta ocupacional, 1 educadora social, 1 enfermeira, 4 PSX e 11 xerocultores/as.

A xornada de traballo está distribuída de luns a venres en quendas de mañá e tarde, quedando os noites cubertas por unha única persoa (xerocultor/a) en todo o centro e con servizos mínimos durante as fins de semana (un só PSX).

Con esta dotación de persoal, calquera incidencia durante a noite obriga a ter que acudir a algún número de emerxencia, e no caso dalgunha incidencia do persoal que traballa no centro calquera día, como pode ser unha baixa médica ou a disposición dun día libre, supón que o resto do persoal ten que substituír a este traballador/a aínda estando en horas libres ou de vacacións, o que se traduce nunha inexistente conciliación da vida laboral e familiar ademais dunha carga de estrés que pode repercutir na calidade do servizo prestado.

Á vista destes datos as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Ten coñecemento a Consellería de Política Social desta situación?
- 2ª) Que valoracións fai dela?
- 3ª) Cal é a solución que a Consellería de Política Social vai adoptar para darlle solución a este problema?



Pazo do Parlamento, 27 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/02/2019 13:26:09

Noela Blanco Rodríguez na data 27/02/2019 13:26:16

Julio Torrado Quintela na data 27/02/2019 13:26:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ás necesidades de mellora do servizo de pediatría en Zas.

Os recortes que o Goberno galego está aplicando en materia de sanidade están provocando un deterioro continuado do sistema sanitario público.

Dentro dos recortes, o persoal é dos principais afectados, sendo sistemática a redución de profesionais, o que significa maior carga de traballo e que a calidade asistencial tamén se vexa afectada.

A asistencia pediátrica é un servizo do sistema público de saúde que sofre con maior virulencia esta situación de recortes, con masificación de consultas e moita poboación infantil que non é atendida por facultativ@s de pediatría, co que significa de peor calidade asistencial.

Un lugar onde se están detectando problemas e queixas é no concello de Zas, a coordinadora “Zas sen recortes en pediatría” púxose en contacto con grupos parlamentares para trasladarnos a denuncia de que desde xuño de 2018 se ten producido o recorte de máis do 50% do servizo de pediatría, pasando de 35 a 15 horas semanais, reducíronse as revisións d@s menores de 2 anos por non dispoñer de tempo necesario para seguir o calendario antigo, de oito da mañá a doce do medio día que empeza agora





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a consulta @s nen@s nos están cubert@s de atención pediátrica, non substitúen á pediatra e nas súas ausencias teñen que desprazarse a Vimianzo ou Camariñas.

As consecuencias desta situación son a complicación tanto para a conciliación laboral e familiar, económicas ao non coincidir agora o horario de consulta co horario do autobús escolar que aproveitaban sobor de todo avós e avoas para acompañar aos nen@s á consulta e agora ter que facelo en taxi ou os desprazamentos a Vimianzo ou Camariñas.

A saúde é un dereito fundamental, e para que a atención sanitaria que se preste sexa de calidade, é preciso contar co persoal necesario. No convencemento de que non hai asistencia sanitaria sen profesionais suficientes que a presten, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego formula as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Considera o Goberno galego que con estas carencias están ben atendid@ @s nen@s do concello de Zas?

Vai atender as demandas da coordinadora “Zas sen recortes en pediatría” de que se repoña o servizo de pediatría nas 35 horas que se viña prestando entre os centros de Zas e Baio?

Até onde está disposta a chegar a Xunta na política de recortes de persoal na sanidade pública galega?

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2019





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 27/02/2019 13:43:07

Ana Pontón Mondelo na data 27/02/2019 13:43:13

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/02/2019 13:43:15

Olalla Rodil Fernández na data 27/02/2019 13:43:16

Noa Presas Bergantiños na data 27/02/2019 13:43:17

Xosé Luis Bará Torres na data 27/02/2019 13:43:19



Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

Con data 16 de novembro de 2018 asinouse o Protocolo de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e o Consello de Contas para a implantación e seguimento de plans de prevención de riscos da corrupción no sector público autonómico de Galicia (DOG núm. 245 do 26 de decembro).

Recolle este protocolo na súa parte expositiva a necesidade de dar resposta institucional á crecente preocupación social pola corrupción, debéndose adoptar medidas que contribúan á mellora dos estándares éticos na Administración autonómica, fomentando unha cultura cívica a favor da transparencia, a rendición de contas e o comportamento ético, tanto no sector público como no privado.

Declara tamén o protocolo que as institucións asinantes son conscientes de que o fortalecemento da integridade no sector público autonómico e a observancia dos principios éticos e de bo goberno requiren dun plan específico de formación do persoal nos ámbitos da ética, a integridade e o control da corrupción.

Entre as áreas de actuación, o protocolo recolle a formación dos empregados públicos en materia de prevención da corrupción.

Non obstante, o Plan de formación para o ano 2019 que está a desenvolver a Escola Galega de Administración Pública para o conxunto de empregados públicos autonómicos (publicado no DOG núm. 243 do 21 de decembro de 2018) non recolle de forma integral un plan formativo específico en materia de prevención, loita e control da corrupción. Nin na formación en materias transversais, nin na prevista de forma departamental ou sectorial se habilita un mínimo itinerario formativo nesta sensible materia. Unicamente se pode observar un curso de formación sobre transparencia para 50 persoas e outro sobre ética para 25 incluído no apartado de organización do traballo.

Pero estas previsións están moi lonxe de configurar un verdadeiro plan integral de formación contra a corrupción para o conxunto do emprego público autonómico.



Polo exposto, o deputado e as deputadas que asinan preguntan:

Que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego para implantar un verdadeiro plan integral de formación dos empregados públicos autonómicos en materia de prevención e control da corrupción?

Pazo do Parlamento, 27 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 27/02/2019 13:43:04

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/02/2019 13:43:16

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/02/2019 13:43:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ás accións a realizar pola Consellaría de sanidade para solucionar as gravísimas irregularidades que se están cometendo no transporte sanitario terrestre.

Desde a Asociación Profesional de Técnicos en Emerxencias Sanitarias e Xestores de Emerxencias de Galicia, puxéronse en contacto cos grupos políticos con representación no Parlamento de Galiza para facernos chegar a carta que a continuación transcribimos dirixida ao Conselleiro de Sanidade e demandándonos actuacións para solucionar a grave situación que denuncian:

“Estimado Sr. Conselleiro

Dende esta Asociación Profesional, poñémonos en contacto con vostede co fin de transmitirle a nosa preocupación e alarma ante as gravísimas irregularidades que presuntamente estanse cometendo por parte de empresas e persoal do Transporte Sanitario.

O que nos están comunicando acotío decenas de compañeiros/as TES, Médicos, DUEs e estudantes de TES e de Enfermaría, é dunha gravidade tal que precisa a intervención inmediata da Administración, para que faga as consultas necesarias e, se





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

corresponde, envíe a documentación á Fiscalía para que exerza as accións legais pertinentes.

Recomendámoslles que establezan con urxencia un protocolo de verificación do persoal que está a desempeñar o seu posto de traballo nas ambulancias tanto A1 e A2 como nas B e C, que a Administración ten subcontratada con empresas privadas, xa que hai un Real Decreto que regula a formación necesaria RD 22/2014, ademais do Decreto 52/2015 de Galicia.

Temos constancia de casos nos que non se cumpren, incorrendo presuntamente nun delito tipificado no Código Penal de intrusismo laboral, que é permitido por empresas privadas, que tamén traballan subcontratadas (esporadicamente ou a diario, debido á escaseza constante dos recursos da Rede de Transporte Sanitario Urxente, tutelada pola FPUS de Galicia-061), para a Administración Pública de Galicia, causando unha deficiente atención aos pacientes coa posibilidade real dunha incorrecta asistencia sanitaria, de consecuencias impredecibles, as cales poden ser responsabilidade das empresas, pero tamén da Administración como responsable subsidiaria.

Temos constancia tamén de que hai ambulancias procedentes de outras CC. AA. que están incumprindo o Decreto 52/2015 de Galicia no referente a súa rotulación exterior, pero incomprensiblemente algunhas veñen de pasar irregularmente a súa primeira inspección sanitaria en Galicia, onde agora traballan regularmente.

Solicitamos a revogación inmediata das Certificacións Técnico-Sanitarias a todas as ambulancias que están incumprindo o Decreto citado, en concreto e como mínimo, o ANEXO 1, Apartado A, no que se especifica a cor na carrocería: “Euro Yellow RAL 1016”, e os sub-apartados a), b), c) e d).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rogamos se establezan mecanismos para a comprobación da correcta titulación ou certificación do persoal de todas as ambulancias que traballan para o SERGAS/FPUS de Galicia-061, tanto directamente como esporadicamente pero con asiduidade, polo ben e os intereses dos profesionais que si posúen a formación regrada, polo ben dos pacientes e a súa saúde e polo ben das empresas que si cumpren a Lei.

De todas estas graves irregularidades se lle informou con todo detalle directamente á Dirección da FPUS de Galicia-061 nunha reunión celebrada o pasado 12 de xaneiro. Pero transcorrido un prazo de cortesía máis que xeneroso e a pesar de que momentaneamente parecía que se estaban investigando, inspeccionando e xestionando as informacións que lles explicamos, os compañeiros/as nos seguen dicindo a diario que todo continúa igual e que está incumpríndose gravemente a lexislación vixente.

As Asociacións Profesionais estamos obrigadas a defender aos nosos compañeiros/as, Profesionais Titulados, ante ilegalidades como a de individuos “que exerzan actos propios dunha profesión sen posuír o correspondente título académico expedido ou recoñecido en España de acordo coa lexislación vixente” (Artigo 403 do Código Penal).

Diante da gravidade dos feitos que se denuncian, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta, a través das deputadas e deputados asinantes, as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

-Que accións ten realizado tras ter recibido a carta da Asociación Profesional de Técnicos en Emerxencias Sanitarias e Xestores de Emerxencias de Galicia denunciando irregularidades no servizo de transporte sanitario terrestre?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Procedeu a realizar unha inspección xeneralizada no transporte sanitario terrestre, que a Xunta ten externalizado con empresas privadas, para facer unha labor de comprobación das denunciadas efectuadas pola Asociación Profesional de Técnicos en Emerxencias Sanitarias e Xestores de Emerxencias de Galicia?

-Obrigou ás empresas á súa corrección?

-Ten aberto algún expedientes sancionador, ou acción legal por irregularidades detectadas?

-Que labor de vixilancia e control realiza sobre a prestación do servizo por parte das empresas para que se respecten as condicións establecidas nos pregos?

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 27/02/2019 13:58:18

Ana Pontón Mondelo na data 27/02/2019 13:58:24

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/02/2019 13:58:26

Olalla Rodil Fernández na data 27/02/2019 13:58:27

Noa Presas Bergantiños na data 27/02/2019 13:58:28

Xosé Luis Bará Torres na data 27/02/2019 13:58:30



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco, Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

A Capela, cunha superficie de 59 km², e un concello rural composto por tres parroquias (A Capela, Cabalar e Caaveiro), que conta con pouco máis de 1.200 habitantes repartidos en 88 núcleos de poboación.

O Goberno municipal da Capela vén realizando esforzos significativos por mellorar os servizos básicos dos veciños e veciñas, entre eles atópanse as obras de depuración e saneamento en practicamente todo o concello.

Aínda así, debido á diseminación da poboación no concello, son moitos os núcleos nos que faltan estes servizos entre eles Os Calzados, Os Vilariños, A Lagoa, Porcar, O Lombo e O Pereiro que carecen dunha rede de augas residuais, vertendo, na actualidade, a fosas sépticas particulares. Ademais no núcleo dos Calzados atópase unha zona industrial, na que están situadas as instalacións da Cooperativa Campo Capela.

É, por tanto, imprescindible acometer a execución da rede de saneamento nestes núcleos para evitar, que a industria e as vivendas sigan vertendo aos ríos lindeiros ou depuren e vertan os seus efluentes nos tradicionais pozos negros.

Por iso, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) É coñecedora a Xunta de Galicia da falla de saneamento nos núcleos dos Calzados, Os Vilariños, A Lagoa, Porcar, O Lombo e O Pereiro, no concello da Capela?

2ª) Ten previsto a Xunta de Galicia asinar co concello da Capela un convenio a través de Augas de Galicia, para as obras necesarias de saneamento nos núcleos dos Calzados, Os Vilariños, A Lagoa, Porcar, O Lombo e O Pereiro, en caso afirmativo, cal é o prazo?

3ª) Ten previsto a Xunta de Galicia executar as obras necesarias de saneamento nos núcleos dos Calzados, Os Vilariños, A Lagoa, Porcar, O Lombo e O Pereiro, de ser o caso, cal é o prazo?



Pazo do Parlamento, 26 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 27/02/2019 16:53:59

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/02/2019 16:54:09

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/02/2019 16:54:17

María Luisa Pierres López na data 27/02/2019 16:54:24



Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada, María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

“Mera: o porto que cae a cachos”. Este era o ilustrativo titular de hai uns días dun medio de comunicación local á vista da situación de deterioro do porto de Mera en Oleiros. Non é a primeira vez que se denuncia publicamente esta situación.

Esta instalación portuaria non está sendo mantida axeitadamente por Portos de Galicia, xa que aos recentes afundimentos da pavimentación do seu chan, únese ao seu progresivo deterioro estrutural, nun ámbito de alta incidencia de veciños durante todo o ano e de veraneantes na época estival.

Hai anos a propia confraría de pescadores pedira á Xunta a ampliación para descargas de peixe, mesmo existen iniciativas para buscar alternativas náutico-deportivas que permitan darlle un enfoque de futuro ao porto de Mera e, polo tanto, asegurar o seu necesario mantemento e conservación por parte da Administración portuaria galega.

Por iso o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que previsións ten o Goberno galego para asegurar o axeitado mantemento e usos do porto de Mera en Oleiros?

Pazo do Parlamento, 27 de febreiro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 27/02/2019 17:03:30

María Dolores Toja Suárez na data 27/02/2019 17:03:43





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2019 17:31:01
Nº Rexistro: 47007
Data envío: 27/02/2019 17:31:01.048

Patricia Otero Rodríguez na data 27/02/2019 17:25:15

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: MMdtPeGUd1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda e Luca Chao Pérez, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4.^a**

A mocidade do Carballiño precisa espazos propios que lles permita desenvolver métodos de participación reais. Que lles permita afianzarse en procesos de dinamización culturais e sociais. Así o demandan as ANPAS da vila que solicitan para os seus mozos e mozas opcións de lecer que neste caso suporía un investimento orzamentario viable.

A agrupación política Alternativa Veciñal de Carballiño presentou unha Moción ao pleno do Concello, coa pretensión de acadar o consenso de todos os grupos que forman a corporación municipal, para a creación dun espazo cultural e de lecer destinado á mocidade do municipio. A formación destacou que esta idea "non é unha proposta nova" e que esta necesidade responde a unha demanda das diferentes Anpas dos centros educativos da localidade nunha xuntanza cos representantes políticos.

O Carballiño necesita dar alternativas á xuventude, espazos abertos de socialización, de encontro entre iguais que promova a acción social a través de representacións artísticas e culturais. Trátase de habilitar espazos de encontro nos que poidan realizar actividades para así favorecer o seu desenvolvemento persoal e social.

Unha casa da Xuventude de titularidade pública, autonómica, e a un tempo que dea cumprimento aos intereses dunha institución de iniciativa municipal. Tendo en conta que pode aportar alternativas de crecemento, a través da cultura, do lecer, do deporte, do asociacionismo, a Administración ben pode facerse cargo do pago de nóminas e gastos do edificio.





Outras Casas da Xuventude, os agora chamados Espazos de emprendemento que dependen na actualidade da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, dentro da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, dan moitas opcións de lecer, fomentando a solidariedade entre mozos e mozas, a amizade, o traballo en equipo e outros valores importantes na sociedade de hoxe.

Este concello conta con edificios de titularidade propia e outros que pertencendo a outras administración están en abandono ou en desuso. Pódese pois adaptar un destes inmobles e darlle utilidade na creación desta CASA DA XUVENTUDE.

Posibles localizacións para a mesma poderían ser:

1. ESTACIÓN DE AUTOBUSES: conta con espazo suficiente para acoller as distintas estancias para diversidade de actividades e obradoiros. Dispón tamén dunha zona externa cuberta para poder realizar actividades deportivas con climatoloxía adversa. Para poder facer uso deste inmovble, a Alternativa Veciñal do Carballiño (quen puxo enriba da mesa esta reivindicación) é consciente de que o servizo que presta agora ben se podería solventar coa creación dunha dársena intermodal na estación de trens. Isto suporía una vantaxe engadida ao poder xuntar fisicamente dous servizos de mobilidade: bus e tren, e asemade favorecer a chegada dos buses dende a estatal que conecta Ourense-Pontevedra sen ter que realizar o actual desvío que veñen realizando ata o de agora.
Cun módico investimento orzamentario poderíanse adaptar as instalación. A súa situación céntrica favorece o desprazamento dos rapaces e rapazas e á súa vez o distanciamento con outras edificacións habitadas propicia a creación de locais de ensaios musicais.
2. CASA SINDICAL: presenta mellor situación que o inmovble anterior. Só sería necesario un pequeno investimento para adecuar as instalacións.





3. ANTIGA CASA DO POBO.
4. CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA NATUREZA.
5. RESIDENCIA DO TEMPO LIBRE.

Polo dito, as deputadas que subscriben presentan a seguinte pregunta:

- Pensa a Xunta de Galicia adaptar un destes inmobles e darlle utilidade na creación da CASA DA XUVENTUDE do Carballiño?

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 27/02/2019 17:32:03

Luca Chao Pérez na data 27/02/2019 17:32:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa á reapertura da escola unitaria de San Mateo de Oliveira en Ponteareas.

O pasado 30 de xullo de 2018, a Consellaría de Educación fixo público no DOG a decisión de pechar a escola unitaria de San Mateo de Oliveira, pertencente ao CRA A Picaraña de Ponteareas, debido ao descenso da matrícula por debaixo dos 6 alumnos.

Tanto o concello de Ponteareas como a comunidade escolar demandaron a continuidade desta escola, por razóns pedagóxicas e sociais. Antes do inicio das clases no presente curso 2018/2019, seis familias con nenas e nenos en idades de 3 a 5 anos, manifestaron o seu compromiso de matrícula para realizar estudos de educación infantil na escola unitaria de San Mateo de Oliveira, e solicitaron que sexa aceptada a escolarización das súas fillas e fillos nesta escola para evitar o peche da mesma.

O Pleno da Corporación de Ponteareas, en setembro de 2018, apoiou a demanda e adoptou os seguintes acordos:

“1. Instar á Xunta de Galiza a manter a escolarización na escola unitaria de San Mateo de Oliveira, tendo en conta que cumpre co mínimo de seis alumnos para o presente curso e que existen datos que acreditan a continuidade de alumnado nos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cursos 2019-2020 e 2020-2021. Considerando tamén que non se deu opción de matrícula na citada escola-aula do CRA no período oficial de matrícula.

2. Asemade, insta ao goberno galego a estudar a posibilidade manter na escola o alumnado de primeiros cursos de primaria, respondendo á demanda realizada polo concello, comunidade educativa e entidades sociais da parroquia.”

3. Que garantice a posibilidade de abrir ou pechar as escolas unitarias do rural dependendo da demanda de alumnado de cada curso (e dicir, non pechar as escolas rurais de maneira permanente senón flexibilizando a súa apertura ou peche dependendo das matriculas de cada curso).

4. Instar ao goberno de Ponteareas a adoptar medidas encamiñadas a potenciar o asentamento de familias no rural e deste xeito facilitar que estas accedan ás escolas do CRA con campañas de información, liñas de descontos nos impostos municipais, con posibilidade de aula matinal, comedor, etc. Deste xeito contribuírase a que os centros do rural poidan contar cos servizos ofertados nos CEIP.”

Neste momento, a piques de abrir un novo período de prematrícula para o vindeiro curso 2019/2020, oito familias con nenas e nenos en idades de 3 a 5 anos, manifestan o seu compromiso de matrícula para realizar estudos na etapa infantil na escola unitaria de San Mateo de Oliveira, que pertence ao CRA “A Picaraña” de Ponteareas.

Isto ven confirmar o que xa se manifestaba no mes de setembro, que o descenso na matrícula no presente curso era puntual e que existen datos demográficos (incremento da natalidade) que avalan a continuidade do centro e a recuperación da matrícula.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. Ten previsto a Xunta de Galiza revisar a decisión de peche da escola unitaria de San Mateo de Oliveira e abrir a prematrícula para o vindeiro curso 2019-2020, tendo en conta a demanda xa existente neste momento de 8 alumnos/as?
2. Vai escoitar o goberno galego as demandas da corporación, da federación de ANPAS, das nais e pais e dos colectivos de San Mateo de Oliveira?

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 27/02/2019 18:06:56

María Montserrat Prado Cores na data 27/02/2019 18:07:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 27/02/2019 18:07:03

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/02/2019 18:07:04

Olalla Rodil Fernández na data 27/02/2019 18:07:06

Noa Presas Bergantiños na data 27/02/2019 18:07:07



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª**.

Galiza ten unha elevada taxa de persoas sen fogar. Somos a 2ª Comunidade Autónoma en número de persoas sen fogar en relación ao total da poboación -133/100.000 habitantes- e a 5ª en número total de persoas nesta situación, rexistrando o 8,3% da poboación sen fogar do Estado.

O perfil maioritario das persoas sen fogar continúa sendo masculino, cunha idade entre 45 e 60 anos, pero detéctase un aumento das mulleres sen fogar; sendo a das mulleres unha situación moito máis vulnerable. 80,5% das persoas sen fogar son homes e o 19,5% son mulleres. A súa presenza é menos visible e adoitan recorrer a outros medios, como pensións ou vivendas de persoas coñecidas, o que fai máis complexo abordar a súa problemática.

Segundo a psiquiatra Lucía del Río, que presentou estes datos na Iª Xornada sobre persoas sen fogar da comarca de Compostela, organizada polo Concello de Santiago:

- As mulleres sen fogar sofren máis trastornos mentais que os homes (máis depresión, ansiedade, somatizacións, trastornos alimentarios...), e son máis graves; sen embargo, sofren menos adiccións. Ademais:

- Maternidade non desexada, abortos.
- Agresións sexuais, trauma.





Por outra parte, tal como sinala o estudo de senfogarismos da Xunta, teñen menos estudos que os homes.

Sinala dito estudo da Xunta que “as mulleres sen fogar na rúa son especialmente vulnerables polas situacións de abuso ás que teñen que facer fronte, e cando chegan á rúa están máis desestruturadas e necesitan máis axuda. Ademais, moitos recursos están masculinizados e non existen recursos adaptados para as persoas sen fogar con diversidade funcional, así como tampouco para as persoas con diversidade sexual, o cal agrava máis a súa situación.”

Segundo datos amosados pola psiquiatra Lucía del Río, o 40% das mulleres que viven na rúa sufriron algún tipo de agresión e o 24% foron vítimas de agresións sexuais.

O estudo de senfogarismo da Xunta sinala que “tendo en conta as dificultades engadidas das mulleres, é preciso abordar o senfogarismo con perspectiva de xénero”.

Polo exposto, a deputada que subscribe presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral na Comisión 5.^a

1. Que medidas vai impulsar a Xunta de Galicia para atender a problemática específica das mulleres sen fogar?
2. Vai a Xunta promover programas especiais de inclusión laboral dirixidos ás mulleres sen fogar ou que residen en vivendas inadecuadas?
3. Vai a Xunta aumentar as políticas de vivenda pública tendo en conta a perspectiva de xénero?
4. Vai a Xunta elaborar estudos específicos sobre a situación das mulleres galegas sen fogar e en infravivenda?





5. Que actuacións específicas vai impulsar a Xunta ante as agresións sexuais e violencia contra as mulleres sen fogar?

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 27/02/2019 18:12:46



Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, Manuel Lago Peñas e Luis Villares Naveira, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6.ª**, relativa ao concurso voluntario de acredores con proposta de liquidación para a fábrica de Poligal en Narón.

O conselleiro delegado de Poligal, Santiago Font, comunicaba na mañá do venres 22 de febreiro á representación social que a compañía vén de solicitar **concurso voluntario de acredores con proposta de liquidación para a fábrica de Poligal en Narón** e, polo tanto, co posíbel despedimento dos seus preto de 120 traballadores e traballadoras de plantilla o que afectaría tamén ao emprego dos máis de 50 postos de traballo indirectos.

Os traballadores e traballadoras de Poligal Packaging Narón e En Marea rexeitamos esta decisión e entendemos que **a empresa ten futuro e viabilidade**. Afirmamos que á falta de coñecer a documentación presentada na mañá do 22 no xulgado do Mercantil de Barcelona, para os traballadores e traballadoras de Poligal en Narón non existen razóns xustificadas para unha medida tan drástica, máis cando a fábrica pertence ao grupo Peralada que desvía a produción a outras plantas, segundo máis lle conveña para cadrar (ou descadrar) as contas.

A noticia caeu como un xerro de auga fría entre as traballadoras e traballadores, a quen a empresa quere enviar para a casa cun permiso retribuído até que se nomee ao/á administrador/a concursal. De ningunha maneira era esperable unha decisión desta índole, pois aínda que a dirección fala de perdas acumuladas, as nóminas





están ao día e non se rexistraron atrasos nos pagos a todos os provedores e acredores.

Cómpre lembrar que Poligal (que se dedica á fabricación de plástico para a industria alimentaria e laminación) foi o buque insignia das subvencións e dos famosos plans de reindustrialización para a comarca de Ferrolterra, ao abeiro das que recibiu suculentas axudas para mercar solo industrial, montar as naves e contratar persoal. E **foi dende Narón, cos resultados obtidos e as patentes desenvoltas, dende onde expandiu a súa actividade levantando fábricas en Portugal e Polonia, coas que agora ten que competir.**

Foi a principios do 2006 cando a Dirección da Empresa, de forma oculta, comeza unhas inversións en Portugal, concretamente na localidade de Arcos de Valdevez. Tras meses negándoo a empresa acabou recoñecendo dita inversión, asegurando que serían complementarias e afirmando novas inversións en Narón.

Dentro destas inversións están a ampliación da nave da factoría, onde albergaríase unha nova liña de produción de “cast”. Para ilo solicitou subvencións, apoiándose no Plan Ferrol, acadando así as seguintes:

- ☐ 2.645.520 €, dos 6.382.082€ do orzamento financiable. REINDUS 2007
- ☐ 552.099€, de 5.520.990€ financiable e do 1.945.219€ da solicitada (é dicir, o 10% do orzamento financiable). IG100 IGAPE.
- ☐ IGAPE (Incentivos Rexionais), non concedida.
- ☐ 508.750€ dos 2.554.000€ solicitado e 5.108.000€ do orzamento financiable. REINDUS 2009

Resumindo, os prestamos concedidos a interese 0% e dous anos de carencia foi de:





1ª Fase: 2.645.520 €

2ª Fase: 508.750 €

Un total de 3.154.270 € que equivalía ao 27,45% do orzamento financiable (REINDUS 2007 e 2009) máis os 508.750 € do IG100 a fondo perdido ao remate da inversión.

No 2008, solicita de novo unha axuda ao Plan Ferrol para a renovación la Liña 1 de produción, concedéndolle 922.720 € dun orzamento financiable de 2.742.400 €. REINDUS 2008.

Cadro resumo:

Liña de Cast	Préstamo REINDUS 2007	2.645.520
	Préstamo REINDUS 2009	922.720
	A fondo perdido IG100 2007	552.099
Renov. Liña 1	Préstamo REINDUS 2008	922.720
	Total	4.629.089

A Empresa chegou a ter ingresado nas súas contas a contía de 4.490.960 € que tivo que devolver ao non desenvolver as inversións comprometidas nos proxectos presentados.





Xa metidos no 2010, e coincidindo coa “crise económica” como xustificaron algúns, entre eles a Dirección de Poligal, serviu de escusa para paralizar as inversións, deixando só a construción da nova nave na parte de atrás da empresa pero sen maquinaria nin renovacións da mesma. A escusa, a crise.

Entón, ano tras ano a Empresa comeza en Narón un proceso de axustes e reorganización que levaron consigo a presentación de varios Expedientes de Regulación, algúns deles rexeitados pola Autoridade Laboral e outros non chegaron a presentarse por falta de acordo. Así se aguanta a situación até a chegada da Reforma Laboral do 2010, onde as normas de xogo cambian drasticamente para a parte social.

A partires de aquí a empresa, apoiada no sustento que lle daba a Reforma Laboral, realizou un Expediente de Regulación de Emprego 2010-2011 que supuxo a suspensión de emprego para a plantilla de 4 meses que se prorrogaron no 2011-2012 con outros 2 meses de suspensión.

A finais do 2012 e tras rematar os ERE's de suspensión, é cando na Empresa desembarca o que actualmente é o CEO do grupo Poligal e propón á parte social unha redución de 35 postos de traballo ou o peche. É entón cando se asina un Acordo Global con data 29/11/12 onde se acorda a extinción de 35 postos de traballo e un mes de suspensión para o resto a cambio dun Plan de Viabilidade contendo unha estabilidade laboral e inversións que garantía o futuro da planta de Narón.

Cabe resaltar que dito Plan de Viabilidade foi asinado polo propio Santiago Font, CEO do grupo Poligal.





Do Plan, só se investiu nunha regranuladora, quedando pendente a parte importante da renovación da factoría, e a que garantiría o futuro, a inversión na liña 1 de produción, e a liña de cast, nas que se acordou investir ao redor duns 6 millóns de euros. Este incumprimento por parte da empresa foi denunciado pola representación dos traballadores existindo unha sentenza firme do TSXG que obriga a empresa a cumprir os seus compromisos no acordo de extinción dos 35 postos de traballo.

Pasa o tempo e a empresa inviste máis de 40 millóns de euros nunha nova fábrica en Polonia, Skarbimierz, e na factoría de Portugal montan unha liña de cast, cunha inversión de 15 M€. E a maiores anuncian na prensa a súa intención de seguir medrando, incluso plantexando mercar unha fábrica en México. Todas elas producindo produtos cuxas patentes foron desenvoltas en Narón onde se encontra a súa unidade de I+D+i.

A Empresa crea unha maraña organizativa coa única **finalidade de descapitalizar e deslocalizar calquera empresa en calquera momento, e facer imposible coñecer de verdade a rendibilidade concreta de cada factoría.** Así temos que:

- Os responsable de compras, de vendas, director financeiro, recursos humanos, calidade, I+D, seguridade alimentaria, son os responsables das tres (Polonia, Narón e Portugal).
- Poligal Global Service é a comercializadora do grupo e único cliente das tres factorías, eles deciden o que se fai, cando e onde, podendo así manexar os pedidos en funcións dos intereses empresariais. A maiores, as tres factorías pagan un canon a esta comercializadora pola prestación de servizos. Nesta comercializadora están centralizadas tamén as nóminas dos que son xefes e responsables das 3 empresas simultaneamente. Por certo,





Poligal Global Service opera dende as instalacións de Poligal Narón sen abonar aluguer nin ningún outro servizo do que é usuario.

- Incrementaron gastos conscientemente (uns 500.000 €) á planta de Narón ao non ser copartícipes o resto de factorías dos custes de fabricación de especialidades de I+D, repercutindo o 100% deste custe na factoría de Narón. Os traballadores exixiron en varias reunións coa empresa que eses custes de probas de materiais, do que se van a beneficiar o resto das empresas do grupo debería ser presupostado anualmente e costeadado entre as tres.

A situación actual é a descrita no inicio desta exposición de motivos, e Poligal Narón está ameazada de morte. A empresa alega que o mercado está sobrecapacitado, pero desenvolvéronse inversións en novos proxectos fora e non aquí, onde tiñan o compromiso, incluso con sentenza firme por incumprimento do acordo global do ERE do 2012, que ignoraron. Os traballadores van a exixir a execución da mencionada sentenza.

Poligal Narón conta cunha plantilla máis que cualificada, nestes anos conseguíronse os máis altos recoñecementos en calidade e seguridade alimentaria, chegando a obter e manter a BRC. Esta planta e plantel teñen a característica de innovación e desenvolvemento de materiais especiais, recordando que o propio empresario definía Poligal Narón como a “Boutique” do grupo.

Resumindo, hai unha evidencia de mercado actual e potencial e pedidos en vigor na planta de Narón. A factoría de Narón exporta o 80% da súa produción polo que non está limitada aos movementos do mercado local en España.



Narón produce plásticos especiais que só se producen nesta factoría do Grupo, mais a empresa di que manterá o mercado, pero non se sabe de onde sacarán estes produtos. O que parece que pensan facer é levar as patentes desenvoltas en Narón a outras factorías e montar maquinaria nas plantas doutros países.

A actividade de I+D+i desenvólvese en Narón cos seus custos derivados, polo que os beneficios en forma de novos produtos deberían recaer tamén nesta factoría.

Por todo elo encontrámonos diante dunha ilexítima e inxusta deslocalización, cunha decisión empresarial de primar outras plantas, a pesares de que o Grupo se creou en Narón e alí desenvolven todos os produtos, todo elo con axudas públicas da Xunta de Galicia e do Goberno de España.

Ante todo o exposto **En Marea considera que esta situación é intolerable por parte do Goberno da Xunta de Galicia e, por elo, presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:**

- 1.- Vai intervir a Xunta de Galicia de maneira contundente ante a empresa para garantir o mantemento da actividade e dos postos de traballo na planta de Poligal en Narón?
- 2.- Que accións pensa desenvolver a Xunta de Galicia para conseguir que a empresa, como primeiro paso na negociación de posibles solucións ao conflito, retire o plan de liquidación por non estar en absoluto xustificado?
- 3.- Vai a exixir a Xunta de Galicia á empresa, como receptora de axudas para a súa implantación e desenvolvemento, a realización dunha auditoría que explicite se Poligal Narón está a ser cargado con custos que non lle corresponderían, o que podería alterar as súas contas de resultados?
- 4.- Considera posible a Xunta de Galicia a exixencia de devolución das axudas adxudicadas a empresa, en caso de insistir na súa intención de liquidar a factoría





e deslocalizar a produción a outros países?

5.- En caso de resposta negativa á anterior pregunta, considera a Xunta de Galicia que habería que modificar as convocatorias de axudas para que inclúan cláusulas de garantía da actividade produtiva e dos postos de traballo a longo prazo?

6.- Pensa a Xunta de Galicia reforzar e apoiar ante a empresa aos traballadores de Poligal na súa exixencia de cumprimento da sentenza que lle obriga a facer inversións que melloren a competitividade da planta de Narón?

7.- Considera a Xunta de Galicia que habería que instar ao Goberno do Estado e trasladar ao Congreso dos Deputados a necesidade dunha Lei que axude a impedir ou limitar a deslocalización de centros de produción ou servizos perfectamente viables coas actuacións tecnolóxicas, de I+D+i e de produtividade necesarias?

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Manuel Lago Peñas

Luís Villares Naveira

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 27/02/2019 18:23:43





José Manuel Lago Peñas na data 27/02/2019 18:23:51

Luis Villares Naveira na data 27/02/2019 18:24:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

A riqueza dun país non se mide so en cifras de macroeconomía e a xeración de valores materiais, tamén se manifesta na sensibilidade para facer rendibles e sostibles sistemas ancestrais que perviviron ó paso do tempo conservando superficies, fauna e actividades que se caracterizan polo seu alto valor cultural, ecolóxico e identitario.

Nalgunhas serras de Galicia pervive un modo ancestral que vencella ó ser humano con lobos e bestas salvaxes. Todo un hábitat de enorme valor ecolóxico, un dos principais redutos do lobo ibérico e máis unha das maiores poboacións de cabalos salvaxes do mundo, constituíndo un hábitat prioritario na UE.

Nada máis lonxe da realidade cá afirmación de que monte e madeira deberan ser sinónimos. Por orografía, condicións edafolóxicas, microclimas e tradición, nas serras e montes galegos abundaba a matogueira de carpazas, carqueixas, queiroas e toxo. Flora, toda ela, fixadora de solos neses terreos áridos, protéxeos da erosión e serve de alimento a gando bravo.

Porque en simbiose con esta flora vivían e viven aínda, nalgunhas serras, en liberdade os garranos e canda eles o lobo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A importancia destas superficies, non transformadas aínda en florestas ou pastizais, coma sistema de explotación panauropeo compartido desde Noruega ata Portugal, está fóra de dúbidas e moitos países destinan recursos á súa conservación e recuperación.

No noso País, Galicia, aínda ocupan vastas extensións estando hoxe en acusado retroceso e mesmo en perigo de desaparición debido ós recentes cambios de uso dos solos e á mentalidade produtiva que incita a forestar ou pastizar sen lóxica terras e ecosistemas privilexiados ós ollos do sentido común e das recomendacións científicas e mesmo economicistas.

Este proceso de degradación unido a un desequilibrio entre bestas e lobo levou este ecosistema á situación crítica que temos hoxe.

Os garranos en liberdade, en montes perimetrados ou non, en libre convivencia co lobo, levan as de perder por non haber políticas eficaces que manteñan en equilibrio beneficioso ós catro actores principais: monte, gando, lobo e home.

Damos nesta PNL por exposta e compartida a importancia que coma cortalumes tivo e ten este aproveitamento , así coma a singularidade e aprecio dos xatos e poldros a respecto da súa carne.

O enorme valor deste ecosistema precisa da atención social que merece por medio dunha intervención que axude a equilibralo e conservalo. As perdas non resarcidas de poldros no monte provocan o desánimo dos gandeiros que ven diminuír, ano a ano, as cabezas dos garranos e vacún mostrenco porque a administración non mostra intencións reais de se implicar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E a solución non está na eliminación do lobo, sostén da pureza e sanidade das greas. Tampouco na creación de pastizais nin na alimentación artificial. O problema reside, disque, na cuantificación das presas cobradas polo lobo ó longo do ano, na súa xusta valoración e no seu pago en tempo e forma.

Se queremos dar solucións eficaces a este escollo non hai máis ca facer un reconto, por greas ou por propietario ou por monte, cercado das femias en idade fértil, porcentualizar un promedio de preñeces e partos fallidos, botar contas ó ano seguinte dos que debería haber e dos que hai, facer unha resta e resarci-las perdas.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- É coñecedor o goberno galego da situación de deterioro dos ecosistemas onde vive o garrano e o gando mostrenco en liberdade?
- Sabe o goberno galego da importancia destes ecosistemas?
- Ten pensada algunha medida que remedie esa situación de retraemento e deterioro progresivo destes ecosistemas?

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/02/2019 18:26:27

María Montserrat Prado Cores na data 27/02/2019 18:26:32

Ana Pontón Mondelo na data 27/02/2019 18:26:33

Olalla Rodil Fernández na data 27/02/2019 18:26:34

Noa Presas Bergantiños na data 27/02/2019 18:26:36

Xosé Luis Bará Torres na data 27/02/2019 18:26:37



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5.^a**

O Concello de Sober contaba con 2.301 habitantes no ano 2018, sendo o 44,3% maiores de 65 anos, cunha idade municipal media de 58,05 anos. Así, este concello presenta unha das taxas de envellecemento máis elevadas de Galiza, cun índice dun 572,98.

O saldo vexetativo anual é negativo, sendo en 2017 de 54 persoas menos.

En Sober hai unha residencia de maiores con 55 prazas, con só 17 financiadas, pero non hai Centro de Día.

Os centros de día constitúense como un dos servizos que máis facilita a conciliación das persoas coidadoras de maiores e persoas dependentes, así como un recurso para permitir a socialización de persoas maiores (sobre todo de persoas que viven en lugares do rural con pouca poboación) e a realización de actividades que fomentan a autonomía persoal. Son un servizo que garante a permanenza da persoa maior no seu domicilio. Constitúense como un recurso esencial nun País sobreavellentado e de poboamento dispersa coma é Galiza.

Sería fundamental, dende o punto de vista do benestar das persoas maiores e para garantir a fixación de poboación do medio rural, dispor dunha rede de centros de día públicos en todo o territorio, pero a realidade é que a súa distribución é moi desigual.



A falta de recursos no territorio motiva que, no caso das residencias, as persoas maiores que as precisan teñen que ir (logo da longa agarda) a lugares afastados do seu entorno; no caso dos centros de día, facer desprazamentos moi longos, se conseguen praza noutro concello.

Asemade, a falta de recursos de centros de día inhibe que as persoas dependentes que desexaran este servizo o soliciten.

Segundo datos da Xunta, a 28 de decembro de 2018, non existía en Sober demanda do servizo de centro de día.

A realidade é que persoas dependentes escollerían un centro de día de ter cerca este servizo.

En setembro de 2013, a Asemblea Nacionalista de Sober levou ao Pleno do Concello un Rogo, avaliado positivamente, sobre a necesidade dun centro de día en Sober, co seguinte texto:

"Que o Concello de Sober inste á Xunta de Galicia á considerar prioritaria a dotación dun Centro de Día público localizado no municipio de Sober, polas súas necesidades en razón do envellecemento demográfico e a situación de dependencia de numerosas persoas do concello.

Un Centro de Día proporcionaría necesarios descansos ás persoas coidadoras de maiores dependentes, posibilitaría o desenvolvemento do traballo fóra da casa de coidadores e coidadoras e crearía un ámbito de sociabilidade para persoas maiores que se atopan practicamente soas en núcleos de poboación."

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta á Xunta de Galicia, para a súa resposta oral na Comisión 5.ª:





1. Recibíu a Xunta algunha petición de financiación dun Centro de Día en Sober por parte do Concello de Sober?
2. Non considera a Xunta que a oferta de prazas en centros de día na comarca de Lemos é insuficiente?
3. Non considera a Xunta que está plenamente xustificado dotar Sober cun Centro de Día, en razón do alto grao de envellecemento demográfico?

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 27/02/2019 18:34:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa ás empresas afectadas por impagos do sector naval.

Máis alá do relato oficial da suposta recuperación do sector naval galego existe unha realidade oculta de perda de postos de traballo, emigración de profesionais, rebaixa das condicións salariais e laborais e impagamentos a empresas auxiliares.

No ámbito da ría de Vigo hai numerosas empresas auxiliares do naval afectadas gravemente polos impagos das principais empresas do sector. Só nos concellos de Moaña, Cangas e Vilaboa hai 12 empresas afectadas polas consecuencias derivadas de impagamentos que superan os 5 millóns de euros e que levaron ao paro a máis de 500 traballadores/as.

Esta situación provocou a entrada en concurso, o peche das empresas, o embargo de propiedades e a imposibilidade de poder retomar a actividade empresarial polas débedas acumuladas con diferentes administracións. A realidade que viven estas empresas, as persoas propietarias e as súas familias é dramática: moitas delas perderon as súas casas e outros bens, teñen elevadas débedas pendentes de pagamento e padecen cadros de estrés, ansiedade e outras doenzas como infartos. Nalgúns casos as persoas responsabeis destas empresas morreron e as súas débedas tiveron que ser asumidas pola súa familia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta dramática situación contrasta co relato do goberno galego sobre a excelente saúde do naval galego, un relato que fala moito do incremento de contratos e de postos de traballo e que oculta as débedas e as súas terribéis consecuencias. Moitas empresas deste suposto rexurdimento do naval na ría de Vigo reciben axudas públicas mentres teñen elevadas débedas con empresas auxiliares que están a pasar por un auténtico via crucis. E por se isto non abundase, as grandes empresas do naval poñen condicións abusivas para contratar empresas auxiliares como a esixencia de avais ou a renuncia a cobrar parte das débedas

Para defenderse desta situación de abuso e abandono, doce empresas auxiliares do Morrazo crearon unha plataforma de Autónomos e Pequenas empresas afectadas polo impago do naval que acadaron numerosos pronunciamentos de apoio por parte de concellos, organizacións sindicais e outras entidades. Malia que o solicitaron xa en 2017 e repetiron a solicitude en varias ocasións, aínda non foron recibidos polo presidente da Xunta.

A desesperación deste colectivo diante da falta de atención e de resposta por parte da Xunta de Galiza levouno a chamar a atención dos grupos parlamentarios para procurar unha solución á súa grave situación económica e vital.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

1. Por que razón o presidente da Xunta non recibe a representantes da asociación de autónomos e pequenos empresarios afectados polos impagos do naval que están a sufrir as dramáticas consecuencias desta situación?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Ten previsto o goberno galego proporcionarlles apoio técnico e xurídico para defender os seus intereses?

3. Vai a Xunta de Galiza estudar a posibilidade da condonación das débedas destas empresas coas administracións?

4. Vai o goberno galego estudar a posibilidade de que as axudas públicas ás empresas do naval leven asociada a obriga de pagamento das débedas contraídas coas empresas auxiliares?

5. Que medidas prevé adoptar o goberno galego para evitar situación de abuso na subcontratación das empresas auxiliares do naval?

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 28/02/2019 10:27:44

María Montserrat Prado Cores na data 28/02/2019 10:27:50

Ana Pontón Mondelo na data 28/02/2019 10:27:52

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/02/2019 10:27:53

Olalla Rodil Fernández na data 28/02/2019 10:27:55

Noa Presas Bergantiños na data 28/02/2019 10:27:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

Son varios os cultivos e as terras de laboreo inmediatas ás zonas de monte presentes entre os concellos de Irixoa, Monfero e Aranga que se ven afectados pola presenza de rabaños naturalizados de cervos que hoxe en día campan de modo salvaxe, perfectamente integrados ás condicións do lugar, que orixinariamente proceden do que foi a finca cinxética pertencente á Xunta no lugar de Cabalar (As Pontes), nunha zona situada a cola do río Eume e próxima a Monfero. Linda co Parque Natural das Fragas do Eume. O último caso coñecido, finais de febreiro, nun pasteiro de 6 Ha en Irixoa, arruinado polo paso dun rabaño composto por uns 20 cervos que paceu a oito no lugar.

Hai uns 20 anos a Xunta realizou un plan de cría desta especie dentro de dito cercado, introducindo 35 exemplares, a maioría femias, que finalmente cara o ano 2006/2007 veu incrementado o seu censo dunha maneira elevada que provocou numerosos escapes fora de aquel cercado. Alí quedaron, proliferaron e nunca máis se lembraron deles. Multiplicáronse e ó cabo de dous ou tres anos rebentaron a malla e botáronse fóra. Dende ese momento a poboación de cervos neste entorno incrementouse, descoñecendo en que número, pero coa certeza actual de que nunha cantidade suficiente coma para provocar continuos danos a cultivos e que son froito de malestar e conflito entre as e os agricultores do lugar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na actualidade os gandeiros e agricultores da zona saben ben desta incómoda situación que lles xera repetidos danos nos seus cultivos. Porén, cabe por de manifesto que a presenza desta especie non se contempla nin nas ordes de axudas á prevención de danos nin nas ordes de axudas para palia-los danos causados pola fauna.

Valórase que a presenza de cérvidos no medio natural galego pode supor un elemento natural moi interesante e un factor de enriquecemento da nosa biodiversidade, de control de biomasa e prevención de incendios, así como unha fonte de presas naturais coas que desviar a presión de depredación do lobo sobre gando doméstico, incluso coma recurso de aproveitamento gandeiro e turístico. De feito son moitas as serras galegas, das serras orientais e incluso da Dorsal Galega, para as que podería ser moi interesante a recuperación de poboación de cérvidos, xa que historicamente estiveron presentes en moitas delas, e que resultarían estratéxicas para, por exemplo, abordar dunha maneira distinta o como frear a presión do lobo á gandería.

Máis destacase que isto non se pode facer de modo que sexan as xentes do sector primario quen teñan que soportar danos, precisándose que exista unha previsión de compensación dos mesmos.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

-Sabe o goberno galego da situación da poboación de cervos nalgunhas zonas do País coma a de Monfero, Aranga e Irixoa?

-Ten datos sobre o alcance dos danos que ocasionan na agrogandería?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Pensan incluír esta especie nas Ordes de axudas á prevención e compensación de danos ocasionados pola fauna salvaxe?

-Como valoran as potencialidades que o cervo podería proporcionar en moitas serras galegas de favorecerse un plan de recuperación/reintrodución controlada.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/02/2019 10:58:26

María Montserrat Prado Cores na data 28/02/2019 10:58:31

Ana Pontón Mondelo na data 28/02/2019 10:58:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 28/02/2019 10:58:34

Noa Presas Bergantiños na data 28/02/2019 10:58:35

Xosé Luis Bará Torres na data 28/02/2019 10:58:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa á saída de Pemex de Barreras e á valoración do goberno galego.

O pasado 24 de febreiro coñeceu-se como representantes de Pemex, da navieira Albacora, de Electromecánica Naval e Industrial e Valiño (10 %) ían reunirse na cidade de Vigo co obxecto de tratar a saída da petroleira mexicana Pemex de Barreras.

Cómpre recordar que a relación do naval galego coa mexicana Pemex se remonta inicialmente a un anuncio pouco antes das eleccións galegas de 2012 e que acabou por confirmarse só varios meses despois e logo de que a propia Pemex negara que o acordo coa Xunta fose definitivo e seguro. Foi o inicio dunha longa historia de promesas incumpridas. Tamén en 2012 a Xunta tiña anunciado a instalación dunha terminal loxística no porto exterior da Coruña que non chegou nunca e máis recentemente o director Xeral de Pemex, José Antonio González Anaya, durante unha visita a Barreras descartou publicamente a construción, polo de agora, dun segundo flotel a diferenza do que xa tiña prometido a empresa, sumándose ao aprazamento da tamén prometida dársena de Punta Langosteira. Nada se sabe, tampouco, doutras promesas ao aire como a construción dun atuneiro ou a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de buques para pozos petrolíferos ou a da renovación de parte da frota petroleira da empresa mexicana por parte dos estaleiros galegos.

Aparentemente, este sería o capítulo final dunha operación pola cal a firma mexicana procurou absorber o coñecemento dos estaleiros vigueses para despois finalizar calquera relación comercial. Segundo a información aparecida nos medios de comunicación, por orde do novo goberno mexicano de López Obrador Pemex deixaría Barreiras nunha decisión irrevogábel.

Este é un feito que merece a valoración do goberno galego.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

- Ten valorado o goberno galego as consecuencias que poden ter para os estaleiros galegos a crise económica e posterior saída da empresa Pemex de Barreras?
- Ten valorado o goberno galego as consecuencias así como as promesas incumpridas canto a carga de traballo e creación de postos de traballo?
- Como valora o goberno galego o desaxuste entre os anuncios públicos dos seus cargos institucionais e a realidade constatábel anos despois da venda de Barreras a Pemex?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- En vista dos preocupantes indicadores canto a carga de traballo e desenvolvemento estratéxico, que plan ou estratexia ten o Goberno galego para o sector naval da ría de Vigo? E de Galiza?

- Cantos postos de traballo garantiu Pemex para Galiza nestes anos?

- Vai reclamar de Pemex a reparación polo incumprimento das cargas de traballo anteriormente anunciadas?

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 28/02/2019 11:21:50





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 28/02/2019 11:21:55

Ana Pontón Mondelo na data 28/02/2019 11:21:56

Xose Luis Rivas Cruz na data 28/02/2019 11:21:58

Olalla Rodil Fernández na data 28/02/2019 11:21:59

Xosé Luis Bará Torres na data 28/02/2019 11:22:00



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A situación laboral do sistema sanitario de Galicia evidencia problemas de gravidade na actualidade, froito das políticas de Recursos Humanos desenvolvidas polas Xunta de Galicia e o Goberno de España nos últimos anos. Como consecuencia dunha liña estratéxica de recortes o escenario actual atópase cun déficit numérico de profesionais que, sumado á eventualidade e precariedade en que os profesionais sanitarios se atopan en moitos casos, dificulta a calidade asistencial que se ofrece á cidadanía porque impide que os profesionais poidan desenvolver o seu traballo en condicións óptimas.

Dentro das distintas ferramentas de planificación da política de Recursos Humanos do Sergas, unha moi relevante está no proceso formativo e, en nomeadamente, no proceso das especialidades Médico Interno Residente (MIR), Enfermeiro Interno Residente (EIR), Psicólogo Interno Residente (PIR), Farmacéutico Interno Residente (FIR)...

Neste senso, o Goberno da Xunta de Galicia ten sido pouco esixente co Goberno de España no prazo 2012-2018, aproveitando o cambio de Goberno de España para acelerar demandas e reivindicacións que non foran feitas con anterioridade.

A realidade indica que o número de prazas ofertadas en Galicia para as diversas especialidades en ciencias da saúde, aparte das específicas de medicina familiar e comunitaria, non variou dende 2012 (230) a 2018 (231), a pesares de incrementarse o número de prazas acreditadas. Estas acreditacións tamén son obxecto de discusión, pois o eido da atención primaria, condicionada polo número de facultativos/as de medicina familiar e comunitaria, ofrece datos sorprendentes como a redución de número de acreditacións en Galicia dende 2012 (117) a 2018 (110). Non sendo suficiente, e a pesares do coñecido e notorio problema da recorrente falta de profesionais facultativos de Atención Primaria no sistema galego, non foron convocadas neste tempo todas as prazas acreditadas, o que supuxo unha merma na capacidade de producir especialistas que contribúan a afrontar a situación do sistema a pesares de que practicamente todos os anos as vacantes desta especialidade foi cero. As prazas de pediatría víronse afectadas



tamén esta parálise, pois a oferta de prazas non variou nos últimos anos das 20 vacantes ofrecidas.

Na convocatoria 2019 produciuse un aumento de en torno a un 5 por cento nas prazas MIR de toda España, véndose Galicia tamén afectada por ese aumento. Particularmente, para Galicia foron aumentadas as prazas para medicina familiar e comunitaria, sumando esforzos nas medidas para mellorar as posibilidades de reforzar o futuro dos cadros de persoal do sistema público. Esta nova convocatoria amosa o compromiso do actual Goberno de España, que evidencia un cambio nas políticas de recursos humanos.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que a Xunta de Galicia non reivindicou un maior número de prazas MIR nas convocatorias 2012 a 2018 cando puido ante o Goberno de España?
2. Considera a Xunta de Galicia que o volume e distribución de prazas MIR ofertadas en Galicia foron correctas na franxa 2012-2018?
3. Por que a Xunta de Galicia non aumentou a oferta de prazas MIR de pediatría en Galicia nos últimos anos?
4. Ten a Xunta de Galicia unha planificación estimada e programada para o programa MIR nos vindeiros anos? Cal é?

Pazo do Parlamento, 27 de febreiro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Noela Blanco Rodríguez

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 28/02/2019 12:26:43

Noela Blanco Rodríguez na data 28/02/2019 12:26:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, relativa á caída da rede de Abanca e as medidas que debe impulsar o goberno galego respecto da protección ás persoas consumidoras.

O pasado 26 de febreiro a mediodía a entidade Abanca, líder de implantación territorial e de clientela no noso país, comunicou nas súas redes sociais que estaba a sufrir problemas técnicos nos servizos a distancia. Isto é, en caixeiros automáticos e na banca electrónica, mais finalmente isto afectou tamén ao funcionamento das oficinas.

Esta crise xerou fortes incomodidades e impactos nas empresas e nas persoas consumidoras deste país. Por poñer un exemplo, a imposibilidade de transferir contías afectou ás persoas para facer pagamentos en tempo e forma. Abanca anunciou que serían devolvidas as contías gastadas pola clientela en materia de comisións doutras entidades, por exemplo ao retirar diñeiro dun caixeiro doutra rede. Porén, isto parece insuficiente. Ademais, é grave que aconteza unha incidencia tan estendida no tempo, o que indica eivas importantes





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

na infraestrutura de respaldo que debe ter unha entidade fornecedora de servizos bancarios e máis aínda desta envergadura.

Galiza ten competencias exclusivas en consumo e debe exercelas. Así mesmo, debe avaliar o impacto económico destes acontecementos.

Por isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

-Que actuacións impulsou o goberno galego para a protección ás persoas consumidoras diante da crise xerada pola caída do sistema de Abanca?

-Ten reforzado o goberno galego os instrumentos do Instituto Galego do Consumo e da Competencia dinte da crise xerada pola caída do sistema de Abanca? De que forma? Por que razóns?

-Ten avaliado a posibilidade de impulsar unha demanda colectiva?

